


Código cero



R contra a fenda dixital

A operadora incrementa a súa fibra óptica en oito concellos galegos

A nosa gala máis tecnolóxica

XVI Noite da Enxeñaría en Informática de Galicia



Seresco-Galicia: medio século de fitos tecnolóxicos conxuntos

Entrevistamos a Andres Riveiro, director da delegacion da empresa na nosa terra



Máis ciberseguridade

A Xunta incrementa os recursos para protexer dixitalmente as administracións



Talentos Inclusivos: máis talento e inclusión que nunca

O programa do CITIC celebrou no Agora o seu acto de clausura



O teu espazo na Rede

codigocero.com

DIARIO DE NOVAS TECNOLÓXICAS DE GALICIA

Sigue a última hora de todo o que che interesa en materia de I+D+i.

O noso boletín diario é o de maior difusión por subscrición en Galicia, tal como o amosan os máis de 3.000 subscritores que reciben no seu correo electrónico un resumo de xeito gratuíto do máis destacado en materia de novas tecnolóxicas.

A que agardas? Subscríbete XA! É de balde.



www.codigocero.com

Síguenos en:



Equipo

DIRECTOR:

Xosé Mª Fernández Pazos
director@codigocero.com

WEBMASTER:

Marcus Fernández
webmaster@codigocero.com

REDACCIÓN:

Fernando Sarasketa
Sonia Pena
redaccion@codigocero.com

FOTOGRAFÍA:

Adolfo Enríquez Calo • Joferpa

DESEÑO E MAQUETACIÓN:

Óscar Louzán
foro@codigocero.com

PUBLICIDADE:

publicidade@codigocero.com

EDITA:

Grupo Código Cero Comunicación S.L.
Rúa das Hedras nº 4, 1º M
15895 Ames (Milladoiro)
Tel.: 981 530 268
www.codigocero.com
redaccion@codigocero.com

IMPRIME:

Tórculo Comunicación Gráfica, S.A.
Tel.: 981 958 321
info@torculo.com

Número 251

(xuño - xullo 2024)
Publicación periódica.

Depósito Legal: C-2301/01

I.S.S.N. (Edición impresa): 1579-7546
I.S.S.N. (Edición dixital): 1579-7554

Foto portada: Shutterstock

Fotos páxinas: 1, 2, 10 e 11 Freepik

Membros



cando leas a revista, compártea....

.... cun amigo, un familiar, ou
dáaa a biblioteca do teu barrio.

Cantos máis sexamos, máis cambios
conseguiremos

Sumario

nº 251

REPORTAGES

- 4** R incrementa a presenza da súa fibra óptica en oito concellos galegos
- 6** O Goberno destina 53,1 millóns a estender a 5G nos nosos concellos pequenos
- 7** Talentos Inclusivos do CITIC celebrou no centro Ágora o seu acto de clausura
- 8** Entrevistamos a Andrés Riveiro, director da delegación en Galicia de Seresco
- 9** A CRTVG destinará máis de 10 millóns de euros á súa nova plataforma dixital
- 10** Aumentan os recursos para garantir a ciberseguridade dos concellos, deputacións e universidades
- 11** As exportacións do noso hipersector TIC superaron os 120 millóns
- 12** O CNTG superou este curso 2023-2024 as 200 formacións TIC
- 13** Especial Noite da Enxeñaría en Informática de Galicia



13 Especial Noite da Enxeñaría en Informática de Galicia

- 21** A aplicación que documenta a toponimia da nosa terra visitará unha ducia de localidades
- 22** As empresas e as entidades galegas converten a innovación nunha constante
- 26** Entrevistamos a Ignacio Moreno, presidente da Asociación The Ponential Fellowship

NOVAS

- 24** Damos conta dalgunhas das principais novidades tecnolóxicas da tempada

TREBELLOS

- 28** Debullamos con todo luxo de detalles os trebellos tecnolóxicos da tempada

XOGOS

- 27** Repasamos o máis salientábel dos días pasados en materia de xogos e consolas
- 30** O Museo do Videoxogo (MUVI) de Cangas achegou en xuño grandes novidades
- 31** Colle corpo a terceira edición do Lérez Up



21

O futuro é fibra

Preto de 65.700 inmóbeis de Melide, Cee, Pontedeume, Rianxo, Allariz, Monterroso, Monforte e Sarria xa dispoñen de alta velocidade coa fibra óptica de R



Allariz

Esta primavera a operadora galega R fixo balance da súa presenza nos concellos de **Melide** (11.800 unidades inmobiliarias), **Cee** (5.500), **Pontedeume** (5.200), **Rianxo** (6.500), **Allariz** (7.500), **Monterroso** (4.000), **Monforte** (15.000) e **Sarria** (10.200), onde xa dispoñen de cobertura de fibra óptica ata o fogar (FTTH) arredor de 65.700 fogares e empresas.

Estes inmóbeis poden gozar grazas a esta tecnoloxía de R “dos servizos máis avanzados de telecomunicacións coa tecnoloxía máis rápida do mercado”, sinalou a empresa, engadindo que a cifra de fogares e negocios conectados á rede de R incrementouse

recentemente nos ditos oito concellos (e a maiores en máis dun cento de municipios do territorio, dos que iremos dando conta en números vindeiros desta revista) grazas ao acordo da operadora co grosista tamén galego de fibra óptica Rede Aberta.

En **Melide**, froito desta alianza máis de 1.400 fogares e empresas dos núcleos melidenses do Barreiro, Melide e Vitoriz sumáronse á infraestrutura de R, co que a poboación destas zonas tamén disporá de accesos ultrarrápidos a Internet de ata 10 GB simétricos (subida e baixada), dunha cobertura óptima nos fogares (pois a fibra chega ata as súas vivendas) e dunha maior capacidade de navegación con varios dispositivos á vez.

“Todo iso unido aos servizos de Wi-Fi 6 e TV con decodificador Android 4K sen custo adicional”, apunta R, explicando que se dotou aos fogares do territorio melidense da última tecnoloxía baseada no estándar XGS-PON, “preparada para o futuro, idónea para simultanear tarefas de teletraballo, teleformación, videochamadas, *streaming* ou *gaming*, entre outras posibilidades”.

En **Cee**, estaríamos a falar da recente incorporación de máis de 2.000 fogares e empresas dos núcleos de Cee, Lamas-Igrexa, Codesos e Morancelle.

En **Pontedeume** trátase de 1.400 inmóbeis de varios núcleos o do concello acabados de incorporar á infraestrutura de R.

Internet Rural de R

Nas zonas dos ditos concellos onde, por cuestións orográficas ou de dispersión da poboación, non chega a fibra óptica, R achega a opción de Internet Rural con 5G (Mambo Axiña), que lles permite a fogares e empresas destes lugares de difícil acceso dispor de alta velocidade de ata 600 Mbps con 5G e Wi-Fi 6. A operadora galega explica que a súa tecnoloxía 5G de Internet Rural apóiase, por unha banda, nun router que permite conseguir esas velocidades e, por outra, no sistema Wi-Fi 6 para facilitar, por exemplo, unha experiencia multi-dispositivo excelente conectando á vez distintos aparellos cunha latencia mínima, semellante á que terían cunha conexión de fibra, sendo a latencia o tempo que tarda en cargar unha páxina, en enviarse un correo electrónico ou en executarse unha acción nun videoxogo online.

R lembra tamén que o servizo Internet Rural fai da operadora galega, dende 2022, a primeira que dota dunha solución 5G converxente fixo e móbil a clientes/as sen fibra en Galicia. O obxectivo é “levar esta proposta á maior parte de inmóbeis espallados por zonas da comunidade de orografía complicada”. Na actualidade o 90% da poboación galega dispón de cobertura 5G de R e está preparada para facer uso desta tecnoloxía avanzada de quinta xeración.

Un total de 224 concellos galegos, incluído os que citamos ao comezo deste texto, dispoñen xa da solución Internet Rural de R, que lles permite aos seus habitantes navegar a altas velocidades como o poden facer en 1,7 millóns de fogares cubertos por R coa súa fibra óptica FTTH de última xeración en Galicia.

Resumindo, R explica que leva “25 anos despregando fibra, rúa a rúa, no territorio galego, para dotalo das mellores infraestruturas de telecomunicacións e situalo á vangarda europea e internacional, en condicións de competir coas rexións máis avanzadas do mundo a calquera nivel”.



Monterroso

En **Rianxo** falaríamos duns 1.200 inmóbeis recentemente adheridos dos núcleos de Rianxo, Isorna, Leiro e Taragoña, e en **Allariz** a infraestrutura vén de chegar a 2.000 unidades inmobiliarias dos núcleos de Allariz, Augas Santas, Folgoso, Meire, Os Espiñeiros, Queiroas, Requeixo de Valverde, San Mamede de Urros, Santa Baia de Urros e Santo Estevo.

En **Monterroso**, a acordo con Rede Aberta fixo posíbel a presenza de R en máis de 1.600 inmóbeis de Lavandelo,

Leborei, Monterroso, Penas, Sambreixo, San Benito de Bispo, San Miguel, Sandolfe e Sucasastro.

En **Monforte**, R acaba de cubrir 3.900 inmóbeis de varios núcleos do concello.

En **Sarria** estamos a falar de máis de 2.300 inmóbeis de varios núcleos acabados de cubrir con fibra avanzada: Barbadelo, Calvor, Castelo dos Infantes, Chancas, Corvelle, Fafián, Ferreirós, Goián Louseiro, Oural, Pinza, San Antolín, San Sadurniño de Froián, San

Salvador do Mato, San Xulián da Veiga, Sarria e Seteventos.

Ademais de todo isto, o acordo de R con Rede Aberta vai permitir á operadora cubrir aproximadamente 70.000 novos inmóbeis que “se conectan agora á infraestrutura da operadora galega e levar a alta velocidade coa fibra máis rápida a recunchos de Galicia en núcleos rurais dun cento longo de municipios do territorio”.

A intención é ampliar ao máximo a presenza da banda

larga en todos os recantos da comunidade galega. E así, R e Rede Aberta aliñanse na súa arela de lle proporcionar ao rural de Galicia os medios tecnolóxicos para “integrárense no mundo dixital e lograr que a conectividade chegue a zonas impensábeis ata hoxe”, sinalaron, engadindo que “grazas a iso, aldeas do rural gozarán dos servizos de R tal e como o fan as capitais de provincia do territorio: máis un paso na redución da fenda dixital entre os dous ámbitos”. ■

Fibra óptica ou Internet Rural 5G de R, “opcións idóneas ante o remate do ADSL”

Por último, tanto a opción da fibra óptica FTTH de R como a súa solución de Internet Rural (se a fibra non chega á zona) son tamén alternativa para quen teñan nos ditos concellos unha conexión a Internet a través de par de cobre, porque o tradicional ADSL xa deixou de funcionar ou de comercializarse en Galicia. Neste senso R lembra que “de feito, a maior parte dos/as antigos/as usuarios/as con ADSL na comunidade galega viven no rural, xa que a dispersión xeográfica e a orografía favoreceron no seu momento a despregadura do par de cobre para chegar a moitos lugares investindo menos”. Con todo, o ADSL ficou obsoleto, porque ofrece menos largura de banda e sofre máis con meteoroloxía adversa.



Cee



O delegado do Goberno en Galicia, Pedro Branco, e o deputado e portavoz de Economía no Congreso, Pedro Casares, avanzaron que o Goberno vai investir 53,1 millóns de euros en Galicia para levar a cobertura móbil 5G a concellos de menos de 10.000 habitantes. Fixérono no marco dunha xornada de traballo na que visitaron as instalacións da empresa Cinfo, na Cidade das TIC da Coruña (antiga Fábrica de Armas), acompañados polo seu presidente e presidente do Clúster TIC, Antonio Rodríguez del Corral.

Blanco confirmou a publicación, por parte do Ministerio para a Transformación Dixital e da Función Pública, da resolución provisional destas axudas, enmarcadas no programa ÚNICO Redes Activas, que mobiliza 508 millóns de euros en todo o país para levar a infraestrutura necesaria que dote de cobertura 5G a máis de 1,8 millóns de habitantes de municipios pequenos, ademais de achegar cobertura a 30.000 quilómetros da rede de estradas.

“No caso de Galicia”, dixo, “a resolución vai permitir levar a 5G por centos de vilas e aldeas aos que esta tecnoloxía é probable que non dera chegado en anos, xa que non é economicamente rendíbel para a iniciativa privada”, destacou o delegado, engadindo que o obxectivo é levar a 5G a 146.000 habitantes e a máis de 4.600 quilómetros de estradas.

Pola súa banda, o deputado Pedro Casares indicou que o Goberno “está a apostar de forma

O impulso definitivo da cobertura 5G

O Goberno destina 53,1 millóns a estender a nova tecnoloxía móbil aos concellos pequenos de Galicia

decidida por unha Galicia máis verde e dixital”, garantindo que ao final de 2025 todo o territorio galego conte con conexión a Internet de alta velocidade, ben por fibra ou por satélite, e que a cobertura 5G sexa accesíbel para toda a poboación.

As actuacións, financiadas con cargo aos fondos do Plan de Recuperación, Transformación

e Resiliencia do Goberno, foron adxudicadas no catro provincias galegas ás empresas Orange e Telefónica e, como apuntou Pedro Branco, “van permitir facer xustiza social tecnolóxica, pechar a fenda dixital e brindar á cidadanía todas as posibilidades que a 5G ofrece para aplicarlas en actividades agrícolas, turismo ou na mellora da súa día a día”.



Durante a visita ás instalacións da Cidade das TIC e á sede de Cinfo, o delegado tivo ocasión de coñecer outra das iniciativas que se desenvolven no marco de ÚNICO: o proxecto Terpe&Talia, que desenvolve a empresa tecnolóxica coruñesa e que promove a creación dun sistema baseado en Intelixencia Artificial para automatizar a produción audiovisual de actividades artísticas en directo.

Para esta iniciativa, Cinfo vén de recibir unha axuda de 1.220.344,99 euros no marco do programa Único 5G Sectorial, financiado con cargo aos fondos do Plan de Recuperación.

O resultado final será un sistema que sexa capaz de producir como o faría un humano. É dicir, que, a través da IA será capaz de detectar o escenario, a decoración e panos, os actores e actrices, quen é o vocalista e quen os músicos e os instrumentos, e terá en conta os xogos de luces para axustar as cámaras, entre outras funcionalidades relevantes.

Blanco salientou o protagonismo que a Intelixencia Artificial vai ter nos próximos anos e celebrou que a cidade da Coruña, con iniciativas como as que poidan saír da Cidade do TIC e coa posta en marcha da Axencia Estatal de Supervisión da Intelixencia Artificial (AESIA), “vaia ser un referente nesta materia a nivel galego, nacional e mesmo internacional”.

O delegado visitou tamén o establecemento hostaleiro Hemingway, un dos numerosos beneficiados do programa Kit Dixital na cidade da Coruña, onde almorzou co seu xerente, Luís Diz. Alí valorou a utilidade desta iniciativa para as empresas, “evidenciando o compromiso do Goberno coa transformación dixital do tecido produtivo galego e impulsando todo o crecemento económico da comunidade”. Enxalzou tamén “o papel chave que as pemes e persoas autónomas xogan dentro do ecosistema empresarial” e fixo “un chamamento a estas empresas para que aproveiten a nova ampliación do Kit Dixital, anunciada polo Goberno este mesmo mes de maio”. ■



Máis de 250 alumnos e alumnas de toda Galicia traballaron durante o curso escolar no deseño e produción de proxectos tecnolóxicos pensados para facer máis sinxela a vida das persoas con parálise cerebral, propostas que foron presentadas en sociedade o pasado venres 14 de xuño nunha feira científica de carácter público celebrada no centro Ágora de A Coruña. Esta iniciativa educativa enmárcase dentro do programa Talentos Inclusivos, promovido polo Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e as Comunicacions (CITIC) e ASPACE Coruña en colaboración coa Fundación Española para a Ciencia e a Tecnoloxía (FECYT), que nesta cuarta edición bateu un récord de participación superando nun 50% o número de centros adscritos ao proxecto con respecto á pasada convocatoria.

A finais de 2023, o alumnado dos 15 centros participantes espallados por toda Galicia comezou a traballar nos distintos retos propostos polas asociacións ASPACE Coruña, Amencer-ASPACE e APAMP (Asociación de Familias de Persoas con Parálise Cerebral). O obxectivo destes é dar resposta ás dificultades cotiás coas que se atopan as persoas con parálise cerebral en distintas situacións no plano persoal e profesional. Por exemplo, a accesibilidade a dispositivos electrónicos, o control de contornas do fogar e outros espazos de convivencia,

Tecnoloxía derruba-barreiras

Talentos Inclusivos do CITIC celebrou no centro Ágora o seu acto de clausura nunha feira aberta á cidadanía

a participación en actividades de ocio ou mesmo o acto de comunicarse.

Entre os retos desenvolvidos polos centros durante o curso 2023-2024 destacan algúns como soportes de impresión 3D para o guiador da bicicleta (IES Breame de Pontedeume), adaptadores para cámara de fotos (CIFP Montecelo de Pontevedra), boquillas especiais para pintar (IES Ramón Menéndez Pidal-Zalaeta de A Coruña), sopradores de velas adaptados (IES Plurilingüe Eusebio da Guarda de A Coruña) ou pulsadores para a comunicación (IES Maximino Romero de Lema de Zas).

Na celebración da feira de clausura, os usuarios das asociacións colaboradoras puideron probar *in situ* o funcionamento destes dispositivos en cada un dos expositores dos centros. Tamén puideron coñecer os representantes institucionais asistentes: Manuel González Penedo, director do CITIC; Carmen Barreiro Santos, presidenta de ASPACE Coruña; Jesús Spósito Prado, secretario do Consello

Social da UDC; Yoya Neira, concelleira de Benestar Social do Concello da Coruña; Judith Fernández Nóvoa, directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa; Jerónimo Puertas Agudo, vicerreitor de Investigación e Transferencia da Universidade da Coruña; e a conselleira de Política Social e Igualdade, Fabiola García Martínez.

Todos os estudantes e centros participantes recibiron por parte das personalidades institucionais un diploma en recoñecemento polo traballo realizado e, ademais, participaron no sorteo dun dron e uns auriculares. Para optar a ambos premios, propúxoselle aos mozos e mozas o reto de responder correctamente a un cuestionario de 15 preguntas correspondentes aos retos dos centros participantes. Para contestalas, animóuselles a percorrer os distintos expositores da feira, onde obtiñan a resposta e un selo acreditativo do seu paso polo *stand*. Con todos os selos conseguidos, os alumnos e alumnas depositaron a súa papeleta na urna do sorteo, da que se obtiveron os dous gañadores.

Javier Pereira, subdirector do CITIC e responsable de Talentos Inclusivos, indicou que “é moi importante para nós ver que os usuarios das asociacións poden poñer en funcionamento os deseños dos estudantes; ó tempo que estes aprenden sobre o que a tecnoloxía pode aportar á sociedade”. ■



Andrés, que relación ten Seresco con Galicia?

- Para Seresco, Galicia é unha rexión fundamental, tanto a nivel de foco de negocio como de estratexia. A compañía instalouse hai xa 50 anos en Vigo converténdose nun mercado vertebrador da compañía. Hoxe somos unha empresa máis en Galicia, plenamente integrada no tecido autonómico, socia do Círculo de Empresarios de Galicia, participamos da actividade empresarial galega como calquera empresa local e locais considerámonos. A historia de Seresco está vinculada á innovación do sector informático. Nacemos en Asturias en 1969 como unha escola de formación en servizos informáticos, naquel momento vimos en Galicia unha localización idónea na cal poder expandirnos a nivel nacional. Por iso, foi a primeira sede que abrimos en 1973. Empezamos sendo unha escola de informática para adaptarnos ás necesidades cambiantes do mercado e converternos no que somos hoxe en día: unha compañía cotizada de capital 100 % español especializada en solucións tecnolóxicas e transformación dixital de empresas e organismos públicos.

- Dentro de Seresco imaxinamos que cada centro de operacións terá o seu cometido e despregará un papel determinado. Cal é o cometido da delegación de Vigo?

- Galicia é un territorio clave para a compañía, en materia de negocio e polo compromiso social que existe por parte de Seresco co tecido social e empresarial da rexión. Dende hai 50 anos, a organización traballou para mellorar a vida dos galegos e galegas, xerando emprego e formación. Hoxe podemos dicir que Galicia é o berce de moitos dos proxectos máis innovadores que realiza Seresco, exportando solucións tecnolóxicas que se aplican ao sector agrario e gandeiro a nivel nacional. En Seresco máis de 120 profesionais traballan en proxectos galegos, 70 dende as nosas oficinas en Vigo, dun persoal total composto por 1100 traballadores. Actual-

“Galicia é o berce de moitos dos proxectos máis innovadores que realiza Seresco”

— Seresco, compañía española fundada en 1969, conmemorou en setembro o 50 aniversario da súa actividade no mercado galego. En Código Cero quixemos saber máis desta vertente galega da empresa TIC e lanzamos a Andrés Riveiro, director da delegación en Galicia, unha serie de preguntas sobre estes e outros asuntos. Asuntos nada desprezáveis como a gran revolución tecnolóxica na que estamos inmersos e na que Seresco foi, logo de todos estes anos, algo máis que unha simple testemuña...

mente, a rexión supón un 17% da facturación total da empresa. A maiores, contamos con acordos de negocio con moitas empresas locais. Un claro exemplo dos traballos que levamos a cabo en Galicia é, por exemplo, o caso de Adolfo Domínguez ou Froiz, pero traballamos tamén para multinacionais do sector da automoción moi vinculadas o territorio local galego. A nivel estratéxico, ademais, Galicia supón unha vía de conexión directa con Portugal, onde temos sede en Lisboa.

- En que contribúe Seresco á transformación tecnolóxica dos ámbitos empresarial e social?

- Seresco é unha compañía nacional consolidada. Desde a súa fundación no ano 1969 exerceu como tecnolóxica de referencia no noso país a través da integración de servizos e durante moitos anos como entidade acreditada para impartir formación en materias relacionadas coas TIC. Naquel momento, só Seresco apostaba por xerar talento nun sector que apenas empezaba a albiscarse en España. A día de hoxe, desde o noso papel de integradores, o obxectivo principal que nos marcamos é axudar ás compañías e á administración para avanzar de forma áxil cara á dixitalización e a levar a cabo procesos de transformación personalizados, escalábeis e seguros. Deste enfoque beneficianse empresas públicas e privadas, desde



pemes a grandes corporacións e administracións públicas, tanto en Galicia e España, como fóra do noso país. Así pois, ao longo dos nosos anos de historia colaboramos coa modernización e eficiencia das empresas desde moitos vectores.

- Cres que en Galicia temos puntos fortes para ser unha potencia tecnolóxica?

- A verdade é que si. O ecosistema tecnolóxico de Galicia é un dos máis asentados do país e destaca especialmente pola colaboración público-privada e pola gran cantidade de proxectos de investigación e desenvolvemento que levan a cabo na comunidade. Organismos como a axencia AMTEGA xogan un papel fundamental á hora de impulsar a innovación en Galicia. Ademais,

agora que a IA chegou as nosas vidas para quedar, cabe destacar que Galicia presentou nos primeiros días de maio un proxecto de lei co que pretende manterse na vangarda da regulación das tecnoloxías disruptivas, regulando a Intelixencia Artificial a partir do marco europeo, mediante a elaboración dunha Lei. Asemade, Galicia conta coa Estratexia Galega de Intelixencia Artificial 2030 e alberga en Coruña a AESIA, a Axencia Estatal para a Supervisión da Intelixencia Artificial. A suma de todos estes factores, xunto cun ecosistema empresarial consolidado, fan que a comunidade estea á vangarda en todo o que ten que ver con desenvolvemento tecnolóxico.

- Sabemos que es o director do Centro de Servizos de Galicia en Seresco (dende 2008). Fálanos un pouco dos cometidos deste centro...

- Ao final somos unha extensión da compañía nunha rexión estratéxica, polo que a actividade é a mesma que en Asturias, pero focalizada nos intereses e as demandas dos nosos clientes locais. Con eles, mantemos relacións realmente lonxevas e diso só se poden facer lecturas positivas. Por exemplo coa Xunta, un dos nosos primeiros clientes na comunidade, traballamos dende hai mais de 40 anos, en distintos ámbitos e consellerías, pero cun vínculo moi especial coa agricultura e co medio rural.

Como anécdota, cando vas por aí e ves unha vaca, seguramente observarás que leva un crotal cun número identificativo. Toda a rastrexabilidade da vida desegando xestiónase na súa maioría con aplicacións nosas.

Ademais, temos outros proxectos de innovación, por exemplo, para identificar viñedos con fotos xeradas desde satélites ou con imaxes de drones e para xestionar toda a documentación que teñen que presentar os agricultores para cobrar as axudas da Política Agraria Común (PAC).

A nivel corporativo, por exemplo, na área de nóminas somos líderes de *outsourcing* de nóminas na península com mais de 4'5 millóns de nóminas procesadas ao ano. Utilizan a nosa plataforma empresas tan coñecidas como Adolfo Domínguez ou Roberto Verino. ■



Os 13.000 contidos de AGalega.gal

A CRTVG destinará máis de 10 millóns de euros á súa nova plataforma dixital

O pasado 31 de maio, na Comisión de Control da CRTVG no Parlamento de Galicia, o director xeral da Corporación, Alfonso Sánchez Izquierdo, salientou o impacto da nosa plataforma dixital de contidos, AGalega.gal, adiantando que os orzamentos de 2025 dos medios públicos galegos incluírán unha partida de máis de 10 millóns de euros destinados ao desenvolvemento de contidos da plataforma.

Xunto con AGalega.gal os medios públicos lanzaron en xaneiro de 2024 as súas xemelgas, AGalegaAudio.gal e Xabarin.gal. En total, agora mesmo hai subidos máis de 13.000 contidos de forma gratuíta e en galego, na que é a maior oferta audiovisual na nosa lingua.

En AGalegaAudio.gal atópase a programación da Radio Galega e un amplo abano de contidos sonoros, mentres que Xabarin.gal reúne múltiples canles con toda oferta para a mocidade e para os máis cativos.

Sánchez Izquierdo indicou que desde o seu nacemento "AGalega.gal entrou e mantense entre as 20 primeiras plataformas de España. E non é menor o dato de que a maioría destas 20 plataformas teñen contidos en castelán, polo que o seu abano de público é moito máis amplo que o de AGalega.gal pero, con todo, estamos desde o inicio nese grupo de cabeceira das plataformas máis consumidas de España".

Tras España, os países desde os que máis se ven os contidos son: os Estados Unidos, o Reino Unido, Suíza, Alemaña, Portugal, Francia e a Arxentina. Completan a lista de 193 países algúns tan dispares como Fiji, Yemen ou Surinam, a onde tamén chegou AGalega.gal. ■

Novidades e estreas exclusivas

A plataforma suma estes días importantes novidades á súa proposta, por exemplo a ópera *Don Pasquale*, considerada a gran obra composta por Gaetano Donizetti e última gran ópera bufa italiana, a obra foi representada en Vigo o pasado outono, con Fernando Latorre e a soprano madrileña Natalia Labourdette nos papeis principais. E o xoves 6 de xuño chegou unha nova entrega da serie documental *Historias de aquí*, que repasa capítulos recentes e sucesos da historia de Galicia. Ademais, en *O Edén* repasouse o caso da orde dos Miguelianos de Oia (Pontevedra) e a causa xudicial que seguiu á detención do seu líder.

Tamén se incorporou neste punto inflexión entre maio e xuño, no catálogo de ficción, a coñecida serie *É pecado*, miniserie inglesa de éxito que reflexiona sobre o impacto da sida nos anos 80 entre a poboación homosexual. En cinco capítulos, esta produción dramática narra a vida dun grupo de amigos nas rúas londinienses desa década. Cada semana irase estreado un novo capítulo. A estas novidades engádense unha nova tempada de *Pratos Combinados*.

Os pequenos da casa xa poden gozar da estrea en galego de *A miña vida en Versalles*, película gañadora do Premio do Xurado no Festival de Annecy en 2019. Violeta, unha nena orfa de 8 anos, vai vivir co seu tío que traballa no palacio de Versalles. Alí, xunto cun gran oso de peluche aprenderá a adaptarse á súa nova vida, no que é un conto de fadas realista e encantador para gozar en familia.

Actualmente, a AGalega.gal pode accederse vía web (www.agalega.gal), e tamén pode descargarse desde Google Play e Apple Store, Chromecast e nas principais televisións intelixentes. Tanto AGalega.gal AGalegaAudio.gal e Xabarin.gal son gratuítas.

Extra en ciberseguridade

A Xunta triplica o orzamento (até os 29 millóns) destinado a brindar servizos de protección tecnolóxica a concellos, deputacións e universidades

A

Xunta de Galicia vén de reforzar a cooperación entre administracións

en materia de ciberseguridade cun novo acordo marco que garante a prestación dun catálogo de servizos especializados en seguridade da información e protección de datos a concellos, deputacións, universidades e á propia administración autonómica. Para “prever incidentes de seguridade” e “ante a necesidade das entidades públicas dun asesoramento e soporte especializado neste ámbito”, a Administración autonómica triplicará o orzamento deste acordo marco, que licitará cun orzamento de ata 29 millóns de euros.

O acordo, aprobado este xoves 13 de xuño no Consello do Goberno galego, establece a contratación, a través dun único empresario, de servizos divididos en tres lotes. O primeiro lote está dirixido á prestación de servizos de ciberseguridade, goberno e xestión da seguridade da información; o segundo lote está destinado ás revisións técnicas para a mellora da seguridade, e o terceiro, á prestación de servizos de apoio á adecuación da normativa neste ámbito, principalmente, ao Esquema Nacional de Seguridade e á normativa en materia de protección de datos persoais.

Segundo informou a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA), este acordo busca “maximizar o alcance duns servizos que se veñen prestando a administracións locais e provinciais desde

2021, grazas a un primeiro acordo marco que, entre outras actuacións, permitiu monitorizar máis de 5.000 direccións IP e uns 3.000 dominios; dispoñer dun servizo de vixilancia dixital que reportou un total de 1.490 fendas de seguridade desde o inicio da prestación do servizo; colaborar activamente na xestión de 6 incidentes graves, ou realizar 70 auditorías para avaliar a seguridade en deputacións e concellos”.

Ademais, a través desta colaboración coa Xunta, facilitouse a unha vintena de concellos e as catro deputacións o emprego de ferramentas do Centro Criptolóxico Nacional (CCN-CERT), como o Listado Unificado de Coordinación de Incidentes e Ameazas (LUCIA); ou o servizo Trillion, de información sobre credenciais roubadas.

Incremento dos incidentes de ciberseguridade

O CCN reportou a través de LUCIA preto de 1.500 incidentes de ciberseguridade nas administracións autonómica e locais en 2023 fronte ás 400 de ano anterior e o servizo Trillion notificou en 2023 máis de 1.500 credenciais expostas nas Administracións galegas. Os datos do CCN-CERT sinalan que soamente nos dous primeiros meses rexistráronse 25.000 incidentes no sector público en España, o que implica un aumento dun 190% con respecto ao mesmo período do ano anterior. Un crecemento que xa fora moi significativo nos dous anos anteriores. En 2022, as Administracións públicas españolas rexistraron 55.000 ciberataques, e en 2023 eleváronse a 107.000.

Cooperación e coordinación

O acordo marco acabado de aprobar enmárcase na Estratexia Galega de Ciberseguridade e nas actuacións do Nodo Galego de Ciberseguridade, unha estrutura impulsada pola Xunta de Galicia a través da axencia AMTEGA na que están integradas medio centenar de entidades como o Centro Criptolóxico Nacional, o Instituto Nacional de Ciberseguridade, as deputacións

a Federación Galega de Municipios e Provincias e as principais empresas da comunidade. Os principios que rexe o nodo galego de ciberseguridade, CIBERgal, son os da colaboración e a coordinación entre entidades públicas e privadas para facer un fronte común fronte aos cibercriminosos en todos os ámbitos, incluíndo, ademais da vertente técnica e normativa, a formación e concienciación de profesionais, cidadáns e empresas. ■

O centro de innovación da FP será referente en ciberseguridade

A

AMTEGA anunciou este mes de xuño que vai dotar o Centro Galego da

Innovación da FP Eduardo Barreiros dun espazo de alta especialización en ciberseguridade dotado coas últimas tecnoloxías e o equipamento necesario para conseguir a máis alta formación e especialización do profesorado e a xeración de proxectos de I+D+i que sexan de transferencia directa ás empresas e institucións.

Así o acordaron a directora xeral de FP, Eugenia Pérez, e o Director do área de Infraes-





As exportacións do noso hiperserector TIC superaron os 120 millóns



estruturas e seguridade de AMTEGA, Adrian Lence, nunha xuntanza de traballo mantida nas instalacións deste centro, en Ourense. Precisamente, o Centro Eduardo Barreiros ten entre as súas funcións

o desenvolvemento da investigación aplicada e a transferencia dos proxectos e resultados dos proxectos ao resto dos centros de Formación Profesional e ao conxunto dos sectores produtivos. ■



O Hipersector TIC galego, integrado polo sector TIC (Tecnoloxías da Información e a Comunicación) e o sector de contidos, realizou exportacións en 2022 por valor de máis de 120 millóns de euros, 12 millóns de euros máis que o ano anterior e o valor máis elevado desde 2017. Ademais, o valor engadido bruto (VEB) do Hipersector TIC que medrou nun 1,4% no último ano e supera así, por primeira vez, a barreira dos dous mil millóns de euros. Así se recolle no estudo *Galicia dixital. O Hipersector TIC en Galicia*, que recolle datos de 2022 e 2023 e que publicou este mes de xuño o Observatorio da Sociedade da Información en Galicia (OSIMGA), adscrito á Axencia

para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA).

O estudo sinala que o Hipersector TIC pechou o ano 2023 con 28.556 traballadores, o que supón un incremento do 4,7% respecto ao ano anterior. O aumento máis elevado do emprego rexistrouse no sector tecnolóxico, que conta actualmente con 22.932 traballadores, aumentando nun 5,2% no último ano. O sector contidos crece un 2,9% e acada os 5.624 traballadores.

No 2023, a porcentaxe de mulleres empregadas no Hipersector TIC foi do 33,4%, un 6,1% máis có ano anterior. Por terceiro ano consecutivo, crece máis o emprego feminino ca o masculino.

Polo que respecta ao número de empresas do Hipersector TIC, mantén a

tendencia á alza e en 2023 acadou as 4.170, das cales que o 75,3% pertencen ao sector TIC e o 24,7% ao de contidos. O crecemento no número de empresas no Hipersector é sostido nos últimos anos, acumulando un aumento dun 13,8% dende o 2018.

No período 2020-2022 o Hipersector TIC investiu preto de 165 millóns de euros en innovación, 46 millóns de euros máis que o período anterior e supón o 20% do total do gasto en innovación das empresas de Galicia.

Respecto ao tipo de actividade innovadora, o 45,8% das medianas e grandes empresas do Hipersector TIC sinala ter realizado, principalmente innovacións de produto (84,5%) e tecnolóxicas de procesos (88,7%). ■



Un centro de actualización chamado CNTG

O Centro de Novas Tecnoloxías de Galicia superou neste curso os dous centenares de formacións TIC

A directora xeral de Formación e Cualificación para o Emprego, Zeltia Lado, visitou o 6 de xuño a sede do Centro de Novas Tecnoloxías de Galicia (CNTG), onde debullou as accións formativas do centro que están a servir para captar e reter talento no sector TIC da nosa Comunidade. Segundo dixo, no presente curso 2023/2024 están programadas máis de 200 accións arredor das temáticas máis demandadas como por exemplo ciberseguridade, servizos na nube ou Intelixencia Artificial. Do dito número de cursos, xa se teñen realizado máis de 160 no CNTG, emprazado no barrio de Conxo de Santiago.

A directora xeral departiu con profesorado e alumnado

dos cursos presenciais que se estaban a desenvolver no centro nese momento. En concreto, na actualidade impártense nove cursos, catro en modalidade presencial (sobre desenvolvemento na nube, administración de sistemas Linux e ciberseguridade), catro en modalidade virtual (sobre desenvolvemento web, desenvolvemento de aplicacións móbiles, deseño de sistemas na nube e ferramentas de desenvolvemento e administración de sistemas) e un en modalidade de teleformación (sobre administración avanzada de sistemas).

Así mesmo, Zeltia Lado asistiu a un dos relatorios do seminario *Dixitalización e competitividade: casos e aplicación para mellorar a eficiencia nas pemes*, a cargo do experto en innovación Alfons Cornellá.

Entre setembro de 2023 e decembro de 2024, o CNTG ten programados 115 cursos (50 en presencial, 48 virtuais, 9 en teleformación e 8 en modalidade híbrida) cunha oferta de 2.308 prazas e 5.877 horas. Tamén 102 seminarios técnicos. Este programa está destinado tanto a persoas traballadoras do sector TIC galego como a persoas desempregadas interesadas en incorporarse a el.

No presente mes de xuño, ademais dos cursos en desenvolvemento, están previstos 12 seminarios técnicos sobre temáticas como a introdución á nube para desenvolvedores de aplicacións ou administradores de sistemas, tecnoloxía de cadea de bloques (*blockchain*), Intelixencia Artificial, métricas no desenvolvemento de aplicacións, dixitalización e competitividade para pemes, técnicas avanzadas de desenvolvemento e posta en funcionamento de ditas aplicacións, etc.

Ata agora, lévanse celebrado 90 cursos con 1.830 prazas ofertadas, para as que se presentaron 6.248 solicitudes. Adicionalmente, desenvolvéronse 74 seminarios, nos que se inscribiron 2.524 persoas interesadas. ■

Xornada sobre I+D o 20 de xuño

A Axencia Galega de Innovación (GAIN) organiza o vindeiro 20 de xuño, en colaboración co CDTI, unha xornada de presentación das liñas de axuda e actuacións de apoio do organismo estatal á I+D+i. Contarase coa presenza de Esteve Almirall, profesor de ESASE e director do Centro de Innovación das Cidades, que impartirá unha charla sobre innovación na era da Intelixencia Artificial xenerativa. O evento será clausurado polo conselleiro de Educación, Román Rodríguez.

A directora de GAIN, Carmen Coto, e o director de Programas da UE e Cooperación Territorial de CDTI, Juan Antonio Tébar, darán a benvida a este evento e exporarán os resultados da participación galega nos instrumentos do organismo nacional e as principais liñas de traballo para os vindeiros meses.

Pola súa banda, a xefa do Departamento de Promoción Institucional e Cooperación Territorial do CDTI, M^a Pilar González, explicará as liñas de apoio do organismo estatal á I+D+i empresarial.

Por último, Esteve Almirall impartirá unha conferencia sobre innovación na era da IA xenerativa.

As persoas interesadas en acudir poden inscribirse a través da folla habilitada en gain.xunta.gal.

especial

16

NOITE DA ENXEÑARÍA EN INFORMÁTICA DE GALICIA

PREMIOS:

Premio Colexiada/o de Honra | Premio Ada Byron, dirixido a mulleres enxeñeiras en Informática | Premio Iniciativa da Administración | Premio E-Inclusión | Premio Colaboración Interadministrativa | Premio Iniciativa Empresarial | Premio Obxectivos de Desenvolvemento Sostíbel | Premio Innovación Tecnolóxica no Ensino | Premio Iniciativa Emprendedora | Premio 16º Aniversario do CPEIG | Premio Impulso Dixital Galicia | Premio Proxecto Fin de Master | Premio Especial CPEIG | Premio Traxectoria Profesional

A comunidade informática galega váisenos de celebración

O CPEIG celebra a dezaseis edición da súa celebración anual o 21 de xuño en Santiago

O Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia (CPEIG) celebra a súa XVI Noite da Enxeñaría en Informática de Galicia o 21 de xuño no Hotel OCA Puerta del Camino de Santiago.

Segundo lembra o Colexio, o evento é un punto de encontro entre os colexiados/os do CPEIG e un gran número de empresas e profesionais TIC de Galicia, que conta cunha destacada participación de cargos empresariais, institucionais e políticos e é un referente para o sector.

En palabras do presidente do CPEIG, Fernando Suárez, a Noite é xa unha gala consolidada onde o Colexio profesional pretende mostrar á sociedade o traballo desenvolto por enxeñeiros/os en informática dentro da sociedade da información e as iniciativas relacionadas co ámbito das TIC.

No marco da gala entregaranse os Premios da Noite, con trece categorías nas que as colexiadas/os recoñecen iniciativas ou persoas destacadas no ámbito da enxeñaría en informática. Trátase dos seguintes galardóns: Premio Iniciativa Emprendedora, Premio Ada Byron, Premio Traxectoria Profesional, Premio Especial CPEIG, Premio Iniciativa Empresarial, Premio Innovación Tecnolóxica no Ensino, Premio Obxectivos de Desenvolvemento Sostíbel (ODS), Premio Iniciativa da Administración, Premio e-Inclusión, Premio Colaboración Interadministrativa, Premio Proxecto Fin de Máster, Premio 16º Aniversario CPEIG e Premio Impulso Dixital Galicia.

Fernando Suárez | presidente do CPEIG

“A revolución tecnolóxica deberá ser ecuánime, xusta, integradora e ética”

— Se ben corremos o risco de perder o fío dos avances (moitos e variados) da tecnoloxía nas nosas vidas, hai situacións e eventos que nos axudan a clarificar estes feitos e entender o gran argumento no seu conxunto. Segundo nos lembra Fernando Suárez, presidente do CPEIG, a Noite da Enxeñaría en Informática de Galicia é un acontecemento deseñado (entre outras cousas) para reflectir estas revolucións dixitais e para recordarnos como deben ser estes avances: xustos, democráticos e igualitarios.

- Fernando, todas as edicións da Noite do CPEIG son especiais e esta está claro que non vai ser unha excepción. Cales serán as cousas que farán especial e particular esta edición da Noite?

- Facendo unha pequena broma, esta é unha edición especial, polo redondo da cifra que acadamos: 10.000, que é a tradución en binario da decimosesta edición. Eu creo que é evidente que a informática cada vez ten máis presenza no noso día a día e iso apreciámolo en feitos como a democratización de tecnoloxías tan avanzadas como a Intelixencia Artificial ou o comezo da irrupción da computación cuántica. En ambos casos, Galicia está a demostrar as súas capacidades tanto a nivel de visión e estratexia como de talento. Creo que vivimos unha verdadeira revolución en todos os ámbitos da nosa sociedade e o Colexio e, en particular a Noite, pretende reflectir este avance, que debe de ser ecuánime, xusto, integrador e ético.

- Hai un nexo común entre as e os destinatarios dos premios deste ano?

- A verdade é que os premios sempre son unha preocupación que muda en satisfacción. Preocupación porque sempre queremos amosar ese talento e vangarda tecnolóxica, e satisfacción porque ano tras ano, e son 16 xa e preto de 200 recoñecementos en consecuencia, atopamos grandes proxectos e persoas que nos sorprenden polas súas capacidades. Como di un proverbio chinés: a man que entrega unha rosa sempre conserva algo da súa fragancia. E esa é a sensación que temos con estes recoñecementos, que nos sentimos, modestamente, partícipes dos éxitos que queremos poñer en valor.

- Como está a cuestión da igualdade no ámbito TIC a día de hoxe?

- A día de hoxe, a cuestión da igualdade no ámbito TIC aínda presenta importantes retos, malia que se pode observar certo progreso. A presenza de mulleres nas carreiras tecnolóxicas segue sendo inferior á dos homes, mais os esforzos de entidades como o CPEIG son notables e diversos para reverter esta tendencia. Programas de fomento das vocacións tecnolóxicas entre as mozas, mentorización e visibilización de referentes femininos no sector están a contribuir a un cambio, aínda que lento, cara a unha maior equidade. Con todo, a igualdade plena aínda está lonxe, e é crucial continuar con estas iniciativas para lograr un equilibrio máis xusto no futuro.

- Hai varias cuestións vencelladas á educación que xeran un intenso debate. Unha delas é a cuestión da Intelixencia Artificial e as luces e sombras que poden poñer ao alcance da man das novas xeracións. Hai máis luces que sombras ou viceversa? Que opinas das novas correntes ideolóxicas que propoñen erradicar da educación todo o que teña que ver co dixital?

- Efectivamente, son temas practicamente omnipresentes e cunha complexidade importante. Entre as luces, a IA ofrece oportunidades inmensas para personalizar a aprendizaxe, identificar necesidades individuais dos estudantes e facilitar recursos educativos innovadores. Estas ferramentas poden mellorar a eficiencia e eficacia dos procesos educativos, creando experiencias máis adaptadas a cada alumno. Pola contra, as sombras inclúen preocupacións sobre a privacidade dos datos, a posibilidade de nesgos nos algoritmos e a dependencia excesiva da tecnoloxía que podería deshumanizar o ensino.

Respecto ás correntes ideolóxicas que propoñen erradicar as tecnoloxías dixitais da educación, é un enfoque extremo que pode

privar ás novas xeracións das habilidades necesarias para un mundo cada vez máis dixital. O equilibrio sería integrar as tecnoloxías dixitais de forma crítica e responsable, asegurando que se usen como ferramentas complementarias ao desenvolvemento integral dos estudantes. Un exemplo que une ambas cuestións podémolo ver cun dos vídeos de presentación de ChatGPT 4o, onde o fundador da Khan Academy usa a ferramenta co seu fillo, non para que lle resolva un problema de matemáticas, senón para que lle ensine como resolvelo.

- Que destacarías da colleita 2024 de logros galegos TIC? E da colleita de logros do CPEIG?

- Creo que Galicia continúa á vangarda das TIC a nivel nacional e mesmo internacional. Creo que é de destacar o pulo dende a Administración autonómica tanto da IA como da ciberseguridade, a través dos nodos correspondentes. O Nodo de Intelixencia Artificial que, como estrutura de cooperación público-privada, encargárase de asesorar no alto nivel de IA, de impulsar iniciativas de atracción de investimento, de aliar as capacidades de ideación coa demanda, de configurar programas e iniciativas de aplicación así como de crear un espazo de diálogo aberto e permanente. No caso da ciberseguridade, o crecemento do Nodo, tanto a nivel de entidades adheridas como de público no encontro Ciber.gal, son mostras da súa boa saúde.

A nivel sector, os datos son moi positivos. Nos últimos cinco anos xeráronse preto de 4.000 postos de traballo, acadando os 23.000 empregos directos en Galicia. O número de empresas tamén mantén un ritmo de crecemento constante nos últimos anos e suma 3.140, situando a Galicia no quinto posto da clasificación estatal, acadando o 2,7 % do PIB galego.

Dende o CPEIG sentímonos orgullosos do grao de area que aportamos, colaborando da man das administracións e das empresas. Continuamos a formar parte das estruturas do Clúster TIC e de Ineo e reforzando lazos en convenios que permiten fomentar as capacidades tecnolóxicas de colectivos, como rapaces e maiores, que necesitan claramente un acompañamento na adopción do cambio tecnolóxico.

- Botándolle un ollo á bóla de cristal que debes ter no colexio, tendo en conta a gran cantidade prognósticos nos que acertades, que nos vai deparar o futuro a curto e medio

prazo en materia de avances tecnolóxicos?

- Mirando cara ao futuro a curto e medio prazo en materia de avances tecnolóxicos, é previsible que a IA continúe a evolucionar rapidamente, converténdose nunha parte aínda máis integral das nosas vidas cotiás. Veremos avances significativos na automatización, a personalización dos servizos, a mellora dos sistemas de saúde e a optimización de procesos en múltiples sectores, desde a educación ata a industria.

En canto á IA, o debate sobre se debemos preocuparnos por ela en si mesma ou polo mal uso que se faga dela é crucial. A IA en si mesma é unha ferramenta poderosa cun potencial inmenso para o ben, pero tamén para o mal se non se xestiona adecuadamente. A preocupación principal debería centrarse no mal uso que se poida facer dela, incluíndo a creación de algoritmos nesgados, a invasión da privacidade e o uso con fins maliciosos, como as fake news ou os ciberataques. É esencial establecer regulacións éticas e marcos legais robustos para garantir que a IA sexa usada de maneira segura, ética e beneficiosa para toda a sociedade. A clave estará na educación, a transparencia e a colaboración entre gobernos, empresas e a comunidade científica para navegar os desafíos e oportunidades que a IA presenta. Neste sentido, Galicia ten unha oportunidade inmillorable de liderar este desenvolvemento ético da man do impulso que suporá a AESIA.

- En que desafíos vai traballar o colexio ao longo deste ano?

- Creo que é claro o compromiso do CPEIG en apoiar o avance tecnolóxico en Galicia, asegurando ao mesmo tempo que este progreso sexa inclusivo, seguro e sostible.

Centraremos os nosos esforzos en eixos clave para continuar impulsando o sector TIC en Galicia. Entre os principais retos destacan algún dos xa mencionados como o fomento da igualdade de xénero, a formación continua e actualización profesional, o impulso á innovación e o emprendemento, a concienciación sobre a ciberseguridade.

Tamén faremos esforzos importantes en ámbitos como o desenvolvemento sostible e a tecnoloxía verde, fomentando prácticas tecnolóxicas sostibles que reduzan o impacto ambiental, promovendo o uso de enerxías renovables e a eficiencia enerxética dentro do sector TIC

Por último, consideramos fundamental o achegamento dos roles de CIO e CEO para acometer a irrenunciable transformación dixital. Para isto, apoiaremos ás empresas e institucións na súa transición cara á dixitalización, axudándolles a adoptar novas tecnoloxías que melloren a eficiencia e competitividade.



Rosa Díaz, nova Colexiada de Honra do CPEIG

O CPEIG outorgará á matemática Rosa Díaz Moles, directora do Observatorio Nacional de Tecnología y Sociedad (ONTSI), o Premio Colexiada/o de Honra. Rosa Díaz conta cunha sólida experiencia no sector TIC, con máis de 20 anos de traxectoria tanto no ámbito privado como no sector público estatal. É licenciada en Ciencias Exactas pola Universidade Autónoma de Madrid e conta na súa formación, entre outros, cun programa de Dirección Xeral polo IESE. Uníuse ao Instituto Nacional de Ciberseguridad de España (INCIBE) como subdirectora de Apoio á Empresa e I+D+i en 2019 e, posteriormente, foi nomeada directora xeral ata xuño de 2022, data na que foi nomeada directora do ONTSI en Red.es.

É tamén fundadora e vicepresidenta de Woman4Cyber Spain, asociación para o impulso e visibilización do papel da muller en ciberseguridade, e pertence a diferentes grupos que teñen como obxectivo reivindicar as contribucións femininas aos sectores da tecnoloxía.



Cristina Vázquez, Premio Ada Byron

O Colexio decidiu conceder o Premio Ada Byron á enxeñeira informática Cristina Vázquez “polo seu liderado ao fronte de Teimas”, empresa punteira galega na aplicación da tecnoloxía á xestión de residuos, co seu correspondente impacto positivo na sustentabilidade, na concienciación medioambiental e na exportación de coñecementos e servizos de Galicia cara o mundo.

Cristina Vázquez Muíño (Santa Comba, 1986) é socia da empresa Teimas e directora executiva (CEO) da compañía desde febreiro de 2024. Inicialmente estudou Enxeñaría Técnica en Informática de Sistemas e, a continuación, Enxeñaría Informática, ambas titulacións na Universidade da Coruña (UDC). Tamén se formou como *Executive* en Desenvolvemento Directivo en 2021.

En palabras do CPEIG, “a xalleira Cristina Vázquez é un exemplo para as nenas e rapazas que están cursando os seus estudos de primaria e secundaria e que poden ter a inquietude de apostar polas carreiras STEM”, siglas de Ciencia, Tecnoloxía Enxeñaría e Informática.

Cristina Vázquez comezou a súa carreira profesional nunha consultora



tecnolóxica, pero desde 2011 traballa en Teimas, empresa que crea e comercializa produtos software vinculados ao mundo dos residuos, situada en Santiago. Debido ao seu perfil técnico, Cristina Vázquez ocupou o cargo de directora de operacións (COO) participando no deseño, creación e desenvolvemento de produtos software, ademais de formar parte de varios grupos de traballo con distintas empresas e administracións públicas.

O CESEG, Premio Iniciativa da Administración

O Premio Iniciativa da Administración do CPEIG irá dar ao Centro de Estudos de Seguridade (CESEG), centro mixto de investigación da USC e do Ministerio de Defensa, polo seu traballo investigador sobre a manipulación informativa.

Con este galardón, o Colexio reconece o valor desta iniciativa, que vai máis alá do ámbito académico para ofrecer solucións que benefician a toda a sociedade, ademais de celebrar o compromiso do CESEG coa mellora da seguridade e a calidade democrática na contorna dixital, á vez que reitera o seu



apoiu á loita por un espazo dixital “máis seguro, transparente e xusto”.

Achegándonos ao CESEG, con sede na Facultade de Dereito da USC, naceu en 2015 cando se formalizaron, baixo a fórmula de centro de investigación, un conxunto de actividades que se desenvolvían na USC desde décadas atrás, sobre todo ligadas ao que se chamaba o Seminario de Estudos de Seguridade e Defensa (USC-CESEDEN) baixo a dirección do profesor doutor José Julio Fernández Rodríguez.

O CESEG desenvolve na actualidade un proxecto

internacional de investigación: *A manipulación informativa como problema de seguridade e de calidade democrática: descrición, consecuencias e respostas*. Intégranse no proxecto 20 universidades de 6 países, baixo a coordinación e dirección do CESEG. O obxectivo deste proxecto é coñecer como funcionan os procesos, accións e estratexias de manipulación da información; especificar as consecuencias da manipulación para a seguridade e calidade democrática; e dar respostas concretas á manipulación no ámbito xurídico, das políticas públicas e da educación, no marco do Estado de Dereito.

Cruz Vermella, Alexa e Amazon Web Services, Premio E-Inclusión do CPEIG



O Premio E-Inclusión do CPEIG irá dar este ano á Cruz Vermella, Alexa e a Amazon Web Services (AWS) en recoñecemento á colaboración mantida entre estas tres entidades para combater o illamento e a soidade non desexada, dúas situacións que se viron especialmente

visibilizadas pola pandemia, que puxo de manifesto novas necesidades entre a sociedade, sobre todo entre perfís en situación de vulnerabilidade e persoas maiores.

O CPEIG lembra que durante o confinamento pola COVID-19, Cruz Roja (Cruz Vermella) e a súa Fundación TECOSOS xunto con Alexa, o

servizo de voz de Amazon, e varias organizacións colaboradoras, crearon unha *skill* (funcionalidade) de Alexa co obxecto de brindar información e recursos accesíbeis por voz ás persoas que non tiñan acceso a outros medios dixitais, facilitando a superación da fenda dixital, a atención e o acompañamento.

A AETD, Premio Colaboración Interadministrativa



O CPEIG decidiu conceder o Premio Colaboración Interadministrativa á Asociación Europea para la Transición Digital (AETD) pola súa proposta do "Pacto de Estado para protexer aos menores de idade en internet e redes sociais". Segundo lembra o CPEIG, seis entidades da sociedade civil (AETD, Save The Children, Fundación ANAR, iCMedia, Dale Una Vuelta e UNICEF), co apoio institucional da AEPD, da Fiscalía General del Estado, do INJUVE e da Comisión Nacional de los Mercados y la Competencia, uniron forzas para consensuar unha proposta de Pacto de Estado ante un problema cada vez máis perentorio: o

impacto negativo que podería ter o uso de Internet e as redes sociais nos menores de idade.

A iniciativa, presentada en xuño de 2023 ante o inicio da presidencia española da UE, nace dunha "fonda preocupación sobre os riscos que afrontan os nenos, nenas e adolescentes en Internet e as redes, ao utilizar servizos deseñados para adultos, que poden afectar a súa socialización e potenciar posíbeis problemas de saúde mental e facilitar situacións de violencia".

Ante esta situación, a AETD e o resto de entidades asinantes consensuaron un manifesto cunha serie de medidas sobre a necesidade de asumir o problema, formar aos

profesionais para afrontalo, e desenvolver a lexislación vixente para que todos os actores implicados asuman a súa responsabilidade na necesidade dun entorno dixital que non dane a unha poboación vulnerábel, como son os cativos e os adolescentes.

A proposta conta xa con máis de 160 entidades adheridas. Como resultado e xa presente na primeira liña da axenda política, o Ministerio de Juventud e Infancia creou o Comité de Personas Expertas para la Generación de un Entorno Digital Seguro para la Juventud y la Infancia, presidido por Ana Caballero. O presidente do CPEIG e do CCII, Fernando Suárez, forma parte deste comité.

Denodo, Premio Iniciativa Empresarial do CPEIG



O Premio Iniciativa Empresarial recaerá en Denodo, compañía referente na xestión de datos, con sede en Palo Alto (California) e presenza no mercado a nivel mundial a través de 30 oficinas establecidas nos principais núcleos empresariais, con tres centros técnicos globais situados na India, na Unión Europea e nos EE.UU. Foi fundada polo seu director executivo (CEO), o galego Ángel Viña, en 1999. Denodo xurdiu a partir de proxectos de investigación desenvolvidos na Universidade Politécnica de Madrid e na Universidade de A Coruña (UDC). A investigación, dirixida por Viña exploraba o uso de tecnoloxías de acceso e integración de datos en tempo real para acelerar o *tempo de uso dos datos* en complexos sistemas de datos distribuídos. O obxectivo era acelerar o proceso de recompilación e entrega de datos mediante a unificación semántica das fontes de datos que interveñen nun ecosistema informático distribuído típico.

Viña recoñeceu axiña que os métodos tradicionais de integración de datos tiñan limitacións para abordar en tempo real a entrega de conxuntos de datos desde unha infraestrutura de datos en continuo crecemento, no que se refire a número de fontes de datos, diversidade de tecnoloxías de datos e volumes de consumo de datos.

En resumo, Denodo Platform emprega a virtualización de datos, un enfoque de integración de datos que permite aos usuarios integrar datos sen replicalos, usando arestora máis de 700 clientes de 35 sectores diferentes. Alberto Pan, CTO da compañía, recollerá o galardón.



Grupo Nueva Pescanova, Premio Obxectivos de Desenvolvemento Sostíbel



O Premio Obxectivos de Desenvolvemento Sostíbel (ODS) irá dar a Grupo Nueva Pescanova, empresa galega especializada na pesca, cultivo, elaboración e comercialización dos produtos do mar, con sede en Redondela. Será, concretamente, polo seu proxecto tecnolóxico de rastrexabilidade (trazabilidade), que utiliza a tecnoloxía de cadea de bloques (blockchain) e está baseado no estándar GDST 1.0 (Global Dialogue on Seafood Traceability, plataforma internacional que promove un marco unificado para as prácticas de rastrexabilidade de produtos do mar). Así, o Grupo Nueva Pescanova traballa para integrar o seu catálogo baixo esta ferramenta, de xeito que clientes e consumidores poidan acceder de “forma transparente a información relevante dos seus produtos”. Os estándares GDST permiten a interoperabilidade entre os sistemas de trazabilidade dos produtos do mar, asegurando que todos os datos clave se recollen e rexistran dixitalmente.

FIRST LEGO League España, Premio Innovación Tecnolóxica no Ensino

O CPEIG conce-derá o Premio Innovación Tecnolóxica no Ensino ao programa educativo internacional FIRST LEGO League España. Esta iniciativa consiste nun programa educativo para colexios que fomenta as vocacións tecnolóxicas entre os máis novos de 6 a 16 anos mediante experiencias de aprendizaxe baseadas en programación e robótica educativa. Traballando por equipos, e a través do desenvolvemento dun proxecto de innovación e a construción e deseño dun robot, búscase recoñecer o esforzo e os logros dos máis pequenos nas áreas STEM. No programa, deseñado pola Fundación FIRST e LEGO Education e impulsado en España pola Asociación Ingeniera Soy, participan en

España cada ano máis de 9.000 nenos e nenas de case 700 colexios, e máis de 700.000 a nivel internacional. Sinalar que en Galicia, o programa está impulsado pola Universidade da Coruña (UDC) que acolle, no seu Campus de Ferrol, a colexios de toda a comu-

nidade autónoma que cada ano disfrutan e presentan os seus traballos de innovación e robótica. A décima edición da FIRST LEGO League Galician reuniu o 2 de marzo no Campus máis de 300 mozos e mozas de toda a comunidade, que competiron en 43 equipos.



Ipglobal Tech Hub e Cluber, Premio ex aequo Iniciativa Emprendedora

O CPEIG outorgará o Premio Iniciativa Emprendedora ao ecosistema empresarial Ipglobal Tech Hub da compañía coruñesa Ipglobal e á aplicación móbil galega Cluber para a dixitalización de clubs deportivos. Ipglobal foi fundada en 2003 por David Bello e trátase dunha incubadora empresarial “en continuo movemento” que está orientada a crear, deseñar, desenvolver e potenciar innovadores modelos de negocio. Desde 2015, participou en máis de 12 empresas, das que hoxe

segue formando parte, xerando máis de 300 postos de traballo de maneira directa e alcanzando unha facturación acumulada superior aos 22 millóns de euros durante o 2023. Entre as empresas participadas destacan Cluber, Civislend, Rentingfinders, Comunica ou Alkira Living.

Pola súa banda, Cluber é unha app que co-fundaron catro amigos apaixonados polo deporte en 2018. Detectaron que a xestión administrativa dos clubs consumía moito tempo, e que ese tempo puidera

dedicarse ao que realmente importa: os deportistas e o deporte. Desde entón, constrúe a mellor plataforma para usuarios, directivos e adestradores, co obxecto de facer progresar a todos os clubs a través da tecnoloxía. Actualmente, a ferramenta axuda a máis de 1.000 entidades en toda España a ofrecer unha mellor experiencia aos seus socios. Grazas a ela, os clubs poden aforrar ata 800 horas de traballo administrativo ao ano, o que significa un aforro de miles de euros.



Ednon e Fortinet distinguidas co Premio 16 Aniversario do CPEIG

O Premio 16 Aniversario CPEIG da XVI Noite da Enxeñaría en Informática irá dar ás empresas tecnolóxicas Ednon e Fortinet polo “seu constante apoio e colaboración como patrocinadores desde practicamente o nacemento da Noite, garantindo así a súa celebración durante estes dezaseis anos”.

Ednon é unha empresa experta en servizos de tecnoloxías e sistemas de información, formada por persoas con coñecementos avanzados en tecnoloxías de sistemas, comunicacións, ciberseguridade e analítica do dato, con sedes en Santiago, Vigo, Madrid e Sevilla. Celebra este ano o seu vixésimo aniversario como empresa cos mellores resultados de facturación e rendibilidade cifrados en 2023.

Fortinet é líder global en ciberseguridade e no impulso da converxencia de redes e seguridade. Ao longo destes 16 anos de colaboración co CPEIG, Fortinet participou activamente nas diversas actividades promovidas polo Colexio. O director xeral de Ednon, Javier Atán, e o director de vendas de Fortinet España, Jesús Varela, recollerán o galardón.



A Xunta, Premio Impulso Dixital de Galicia

O colectivo de enxeñaría en Informática de Galicia concederá o Premio Impulso Dixital de Galicia á Xunta pola integración da Intelixencia Artificial (IA) na Administración autonómica. O presidente Alfonso Rueda recolleu esta distinción de mans do seu homólogo no CPEIG, Fernando Suárez, nun acto celebrado en San Caetano ao que tamén asistiu o conselleiro de Facenda e Administración Pública, Miguel Corgos López-Prado; o vicesecretario do CPEIG, Roberto Vieito; e o vogal do CPEIG, Benigno Rosón.

Suárez destacou que a Xunta, a través da Comisión de Expertos no Desenvolvemento e Uso Ético da IA en Galicia e o Consello Técnico Asesor en IA e Espazo de Datos do Sistema Público de Saúde, “entendeu perfectamente esta realidade e deu un



paso fundamental para integrala dentro dos servizos públicos galegos coa creación destes dous órganos”.

Suárez engadiu que “a Comisión de Expertos e o Consello Técnico van permitir que a Xunta de Galicia sexa unha administración pioneira en implantar a IA. Esta

implantación temperá virá da man dun estudo rigoroso e multidisciplinar, realizado a través dunha visión integradora das partes científica, técnica, normativa e social”, sinalou o presidente do CPEIG, apuntando que “ambos órganos contan na súa estrutura con enxeñeiros e enxeñeiras en Informática”.

Manuel Framil, Premio Trabajo Fin de Máster

O CPEIG vai conceder o Premio Trabajo Fin de Máster en Enxeñaría Informática a Manuel Framil de Amorín (Bueu) polo seu proxecto de análise, deseño e implementación dunha solución de monitorizaxe de logs en Azure e AWS para optimizar o uso de funcións serverless. Os finalistas foron Adrián Xuíz, pola ferramenta VirManDC de monitoraxe de centros de datos mediante tecnoloxía holográfica, e Diego



Ramil, que creou unha aplicación para extraer información do videoxogo Temtem e visualizalo

a través dun mapa interactivo.

O Colexio busca achegarse con este premio ao colectivo estudiantil, promover as vantaxes da colexiación e estimular o traballo dos estudantes. Os tres finalistas terán dereito a un ano de colexiación, ao que se engade unha gratificación económica de 1.000 euros para a persoa gañadora. Os tres finalistas da presente edición realizaron os seus Traballos de Fin de Máster na Universidade da Coruña (UDC).

Tarlogic, Premio Especial CPEIG



O Premio Especial CPEIG recaerá na empresa de ciberseguridade Tarlogic, fundada en 2011 polos irmáns Miguel e Andrés Tarascó en Teo (A Coruña). Cunha marcada vocación de boutique, Tarlogic presta servizo a gran parte das empresas cotizadas do país, así como a grandes firmas en Europa, EEUU e Oriente Medio, axudándoas a protexer as súas infraestruturas de ciberataques e facelas máis resilientes. Tarlogic dispón de oficinas en Santiago de Compostela e Madrid. O que naceu sendo unha empresa centrada en *hacking*, foi medrando ata contar hoxe cun equipo de máis de 130 persoas especializadas en ciberintelixencia, ciberseguridade ofensiva e defensiva, e contribuíu a formar a un gran número de profesionais de ciberseguridade en toda España.

Entre os fitos de Tarlogic destaca ter sido recoñecida durante máis de 3 anos como unha das empresas de maior crecemento en Europa ou polos seus traballos de inves-



tigación e divulgación, con publicacións sobre seguridade en contadores eléctricos ou interceptación de comunicacións Bluetooth.

O CPEIG engade que Tarlogic continúa na actualidade coas súas investigacións para protexer a tecnoloxía Bluetooth e evitar, por exemplo, a espionaxe e a interceptación das chamadas de teléfono. O fundador e CEO da compañía, Andrés Tarascó, recollerá o galardón na XVI Noite da Enxeñaría en Informática de Galicia.

Olaia Vázquez, Premio Traxectoria Profesional



O Premio Traxectoria Profesional recoñecerá a Olaia Vázquez Sánchez (A Coruña, 1980), enxeñeira en Informática pola Universidade da Coruña (UDC), diplomada en Estatística en Ciencias da Saúde pola Universidad Autónoma de Barcelona e máster en Dirección de Empresas TIC pola Escola de Negocios Caixanova. Vinculada ao grupo de investigación do Laboratorio de Bases de Datos (LBD) da UDC, formou parte da unidade de investigación, desenvolvemento e innovación en sistemas de información sanitarios na Fundación do Hospital da Coruña. Desde 2010, Olaia Vázquez forma parte do

equipo de Tecnoloxía de Inditex, onde actualmente coordina a área de Datos Global dentro do Departamento de Datos.

O CPEIG sinala que este recoñecemento a Olaia Vázquez é, sen dúbida, unha "merecida homenaxe á súa sobresaínte carreira" no eido da Enxeñaría en Informática. E engade: "Olaia Vázquez demostrou un compromiso excepcional coa excelencia e a innovación durante máis de dúas décadas de servizo no sector tecnolóxico. O seu papel actual, como responsable de datos en Inditex, salienta a súa capacidade para liderar e transformar a estratexia empresarial mediante a optimización e o aproveitamento de datos".

O CiTIUS, Premio Especial CPEIG



O CPEIG concederá o seu Premio Especial CPEIG ao Centro Singular de Investigación en Tecnoloxías Intelixentes da USC (CiTIUS) pola organización da ECAI 2024 (*European Conference on Artificial Intelligence*), un dos eventos máis importantes do mundo en Intelixencia Artificial que se celebrará na capital de Galicia do 19 ao 23 de outubro de 2024. Será o director científico do CiTIUS, Senén Barro Ameneiro, quen

recollerá o galardón na Noite da Enxeñaría Informática.

O Colexio destaca que o CiTIUS espalla a IA galega ao conxunto do Estado e a Europa con eventos de primeira liña mundial, como o ECAI 2024-27 Congreso Europeo de Intelixencia Artificial, ou liderando outros proxectos internacionais de alto impacto para mellorar a sociedade a través das tecnoloxías intelixentes.

O CiTIUS traballa hoxe en nove proxectos europeos,

liderando algúns tan importantes como HYBRIDS, unha iniciativa paneuropea para a detección de desinformación, discursos de odio e novas falsas en Internet; NL4XAI, un proxecto que permite ás máquinas explicar o fundamento das súas decisións; ou MENLAOS_NT, un consorcio internacional que busca aplicar tecnoloxías intelixentes para integrar de xeito óptimo datos de sensores de diferentes tipos, tanto a nivel macro como microscópico, co obxectivo de explorar o medio ambiente de maneira multimodal.



O secretario da Lingua, Valentín García, o presidente da Real Academia Galega, Víctor Freixanes, e o filólogo Vicente Feijoo presentaron os detalles da iniciativa *Toponimízate*. *Falámosche dos nomes da túa terra*, a campaña de ámbalas entidades para divulgar a importancia de salvagardar o patrimonio inmaterial que atesoura a toponimia galega. Trátase dunha iniciativa que inclúe a aplicación *Galicia Nomeada*, na que os colaboradores poden achegar nomes de lugares, montes, leiras, fontes, camiños, regos, devesas e outros microtopónimos dos que teñan constancia.

García salientou que este proxecto é un “referente” na colaboración entre as administracións e a cidadanía para salvagardar o patrimonio inmaterial toponímico. Tamén destacou o importante labor feito a través da plataforma *Galicia Nomeada*, que cualificou de “moi innovadora” e cuxa posta en marcha “valeu de modelo para outras Comunidades”. Así, tal e como explicou, “desde a súa posta en marcha, a ferramenta conta xa con máis de 3.500 usuarios rexistrados e recibiu información de máis de 76.000 nomes de lugares, leiras, montes, penedos ou cortiñas de máis de 300 concellos”.

A campaña de divulgación da toponimia galega *Toponimízate*. *Falámosche dos nomes da túa terra* volverá percorrer

Galicia Nomeada vaise (novamente) de xira

A aplicación que documenta a nosa riqueza toponímica visitará unha ducia de localidades

A campaña de divulgación da toponimia galega *Toponimízate*. *Falámosche dos nomes da túa terra* volverá percorrer neste 2024 as catro provincias galegas na procura de persoas e entidades que se sumen aos milleiros de colaboradores que están a participar na recolla de nomes.

neste 2024 as catro provincias galegas na procura de persoas e entidades que se sumen aos milleiros de colaboradores que están a participar na recolla de nomes de montes, leiras, fontes, camiños, regos, devesas e outros microtopónimos a través da plataforma *Galicia Nomeada* e da súa aplicación para dispositivos móbiles.

Valéndose da tecnoloxía e mais da participación cidadá interxeracional, na que os informantes de máis idade son o elo fundamental, esta iniciativa pretende salvagardar un patrimonio inmaterial que durante séculos funcionou como localizador xeográfico, e que fai de Galicia un lugar único no mundo pola súa abundancia.

Alén de evitar o risco de perder todos eses nomes por mor da transformación do modo de vida tradicional, nas charlas da campaña, coordinada e desenvolvida pola RAG e financiada pola Secretaría Xeral, falarase sobre a orixe e o significado de máis de 1.300 topónimos dos doce concellos nos que se fará parada. A charlas irán de xuño a novembro. A primeira cita será en Cualedro, o 14 de xuño. Logo serán en Vilar de Santos (22 de xuño), Camariñas (28 de xuño), Tordoia (5 de xullo), Abadín (30 de agosto), Antas de Ulla (6 de setembro), Salceda de Caselas (13 de setembro) e Lánchara (20 de setembro). Xa en outono, continuarán en Barro (27 de setembro), A Arnoia (16 de outubro), A Illa de Arousa (18 de outubro) e Boiro (o 8 de novembro). Todas as sesións serán impartidas polo coordinador técnico do Seminario de Onomástica da RAG e de Galicia Nomeada, o filólogo Vicente Feijoo, contando coa colaboración na parte etimolóxica do académico de número Gonzalo Navaza, profesor da Universidade de Vigo.

Os doce municipios elixidos teñen en común seren territorios nos que apenas se actuou cando estaba activo o Proxecto Toponimia de Galicia (PTG 2000-2011), polo que case toda a súa microtoponimia segue pendente de recoller; e contaren ata o momento con moi poucos colaboradores dados de alta na plataforma *Galicia Nomeada*.

Dende a primeira edición de *Toponimízate* en 2017, máis de 5.000 persoas participaron nas charlas impartidas por todo o país, apuntou o filólogo da RAG encargado de impartilas. “E os nomes de concellos, parroquias e aldeas de que se falou en todas as charlas superan os 10.000”, engadiu Vicente Feijoo, que se referiu ademais a esta proposta como “unha experiencia enormemente enriquecedora e gratificante” para os organizadores. ■

Innovación en galega en modo continuo

As nosas empresas colleitan esta tempada grandes recoñecementos e presentan novidades

SIVSA expándese en Panamá



→ A empresa tecnolóxica viguesa SIVSA segue pola senda do crecemento e do espallamento no continente americano, concretamente no sector sanitario, a cuxo proceso de transformación tecnolóxico leva contribuíndo dende hai anos. Desta volta, a firma TIC marcou un novo fito na súa aventura en Latinoamérica coa implantación do seu software de xestión e información hospitalaria HOSIX en 14 clínicas e o hospital de MiniMed, a rede de saúde privada máis grande de Panamá.

Segundo explica SIVSA, trátase do primeiro proxecto da tecnolóxica galega no país, que xa conta cun forte posicionamento no Perú, onde preto de unha vintena de centros sanitarios públicos e privados xestionan toda a información e procesos administrativos con esta avanzada solución tecnolóxica.

Os traballos de implantación de HOSIX completáronse xa no recentemente inaugurado Hospital MiniMed, que abriu as súas portas

a principios do mes de febreiro con categoría de nivel 3 de atención, e que brinda servizos de alta especialización e complexidade.

Durante os próximos meses e de forma progresiva ao longo deste ano, SIVSA continuará a posta en marcha de HOSIX nas 12 clínicas de atención primaria que a franquía sanitaria posúe na cidade de Panamá, así como nas outras dúas coas que conta no país, unha en Chorrera e outra en Colón, capital da provincia do mesmo nome.

A instalación da solución tecnolóxica de SIVSA permitirá a MiniMed centralizar nunha única ferramenta a xestión de todos os procesos hospitalarios e administrativos das súas 14 clínicas e hospital (farmacia, administración, urxencias, citas, facturación...), así como integrar nunha historia clínica única a información de cada paciente para dispoñer de toda a información, cando sexa preciso e indistintamente da clínica na que sexa atendido. ■



Innogando gana a VII edición de Venture on the Road

→ A startup viguesa Innogando foi a startup gañadora da VII edición de Venture on the Road, cuxa final celebrouse este 28 de maio no espazo que Wayra ten en Madrid. Innogando, que resultara no seu momento gañadora do evento de Vigo, competiu coas cinco novas firmas innovadoras elixidas nas demais cidades. A viguesa aplica unha tecnoloxía avanzada baixo un modelo B2B para facer monitoraxe e localizar gando, promovendo a rastrexabilidade e máis a sustentabilidade para consumidores finais, e mellorando a eficiencia e as prácticas agropecuarias sostíbeis. ■

Teimas lanza Zero Spring Release 2024



→ A empresa galega Teimas, especializada no desenvolvemento de solucións tecnolóxicas para a xestión profesional de residuos e a economía circular, vén de lanzar Zero Spring Release 2024, unha nova versión do seu software Zero co que as grandes empresas melloran a xestión dos seus residuos.

“Con Zero Spring Release 2024”, explican fontes da firma galega, “as corporacións poden, entre outras cousas, cumprir coas actuais normativas de sustentabilidade ambiental, incluír información correspondente aos residuos que entran na empresa e, ademais, xestionar toda a documentación legal de residuos en toda a Península Ibérica (España e Portugal)”. ■

Igalia, Optare, Teimas e Torus, nos quintos Premios ARDÁN

➔ Na tarde do pasado 23 de maio celebrouse a quinta edición dos Premios á Excelencia Empresarial que concede anualmente o Consorcio da Zona Franca de Vigo. Máis de 400 representantes do mundo empresarial, económico, social e político,

completaron o aforo do Auditorio Mar de Vigo.

Os galardóns foron outorgados a 13 empresas galegas que obtiveron 4 e 5 indicadores ARDÁN. Este ano ademais entregouse un premio especial ao grupo Zendal en recoñecemento

á súa traxectoria empresarial. Entre as ditas firmas galegas distinguidas atopábanse referentes do sector TIC (Tecnoloxías da Información e a Comunicación) da nosa terra como Igalia, Optare Solutions, Teimas ou Torus Software Solutions. ■



Xesol, distinguida nos Premios de Industria e Enerxía

➔ O Centro Tecnolóxico de Automoción de Galicia (CTAG) e a Organización de Palangreiros Gardeses (ORPAGU), a Universidade de Vigo, BETA Implants, UNVI (Unidade de Vehículos Industriais do Grupo Pérez Rumbao), Enor Ascensores, Xesol Innovation e o Concello de Vigo foron as entidades e empresas distinguidas cos Premios de Industria e Enerxía de Galicia 2024. A maiores, o xurado concedeu unha Mención Especial a

UROVESA, empresa con sedes en Valga e Santiago, pola súa traxectoria na construción de vehículos especiais de gran tonelaxe e capacidade. Houbo proxectos netamente tecnolóxicos, como o xemelgo dixital do CTAG ou o bus intelixente de UNVI. Tamén cómpre salientar a contribución de Xesol Innovation, distinguida pola súa solución baseada en redes neuronais aplicadas á Visión Artificial orientada á Industria 4.0. ■

Seresco e GNOSS revolucionan a IA Semántica

➔ Seresco, compañía española TIC que conta cunha das súas sedes principais en Vigo, chegou a un acordo de colaboración con GNOSS para abandeirar o mercado da Intelixencia Artificial Semántica no ámbito estatal e ofrecer deste xeito solucións conxuntas que permitan poñer ao dispor do sector unha plataforma cognitiva de desenvolvemento personalizábel e con capacidade de adaptarse no tempo ás necesidades do usuario.

GNOSS é unha organización con máis de 20 anos de experiencia na creación e o desenvolvemento de solucións baseadas en IA Semántica e grafos de coñecemento.

Coa sinatura deste acordo, GNOSS pon ao dispor de Seresco unha plataforma de desenvolvemento propia, GNOSS Semantic AI Platform, orientada á xeración, construción e explotación de grafos



de coñecemento interpretados semanticamente; así como GNOSS Sherlock, servizos cognitivos e de IA, Sherlock.gnoss.ai, un conxunto de servizos que posibilitan enriquecer a información representada nos grafos utilizando técnicas avanzadas de procesamento e comprensión

de linguaxe natural baseadas en Aprendizaxe Automática e Profunda (*Deep Learning*) e redes neurais co-evolutivas e IA Xenerativa.

En palabras de Susana López Sola, responsábel comercial de GNOSS, "este acordo de colaboración axudaranos a fomentar a

venda cruzada das nosas solucións e axudaranos a desembarcar en mercados aos que aínda non tiveramos posibilidade de chegar. A Intelixencia Artificial Semántica e os grafos de coñecemento posúen un gran potencial e as súas aplicacións son descoñecidas por gran parte do sector. Con todo, unha correcta implementación pode desencadear unha vantaxe competitiva significativa".

Seresco, pola súa banda, como compañía tecnolóxica decana no ámbito estatal, abre a porta a GNOSS a mercados e sectores internacionais nos que a empresa está asentada. Deste xeito, Seresco incluírá nos seus servizos a IA Semántica, o que permitirá á multinacional ofrecer unha serie de solucións totalmente disruptivas e que en sectores como o da transformación dixital poden ter un peso moi significativo. ■



Os Premios **EmprendeXXI** recoñecen a **Nova Industria Galega**

→ CaixaBank, a través de DayOne, a súa división especializada en empresas tecnolóxicas e os seus investidores, xunto ás súas distintas áreas, divisións e filiais do grupo, entregou os galardóns da fase de Retos dos Premios **EmprendeXXI**.

Esta convocatoria tivo o obxectivo de recoñecer ás empresas de España e Portugal que ofrecen as mellores solucións a algúns dos principais retos aos que se enfrenta a sociedade actual.

As *startups* premiadas nesta 17.ª edición foron **Nova**

Industria Galega, Gravity Wave, The Blue Box Biomedical Solutions, Showee Smart Wellness, Eonesia-Gamificación Inmersiva, Nuwe, Nidus Lab, PandaGo, Cafler, Colibid, Hotel Treats e Oratrex.

A gañadora do desafío Planeta do Mañá foi Nova Industria Galega (Galicia). Desde a súa sede en Ribadeo, Nova Industria Galega pretende democratizar e poñer ao dispor das empresas toda a información que xeran nos seus procesos industriais. Para iso deseñan solucións a medida, en base á IA e á aprendizaxe máquina (*Machine Learning*). ■

FEUGA pon o foco na innovación no rural (este 20 de xuño)



→ *Da idea ao mercado: impulsando o emprendemento rural a través da innovación* é o título dun evento organizado pola Fundación-Empresa-Universidade Galega, ao abeiro da súa participación no proxecto europeo Innovation-GUIDE (enmarcado na convocatoria European Innovation Ecosystem, que fomenta a interacción dos ecosistemas de emprendemento de España, Turquía, Países Baixos e Malta). Será este 20 de xuño en Santiago, na sede de FEUGA no Campus Sur da USC. En concreto, porase o foco en potenciar as oportunidades do emprendemento rural en sectores cruciais como a agricultura, o turismo sustentável, a bioeconomía e a economía azul. Participan iniciativas de éxito da nosa terra mostrando cadansúas experiencias. ■



Recoñecemento á excelencia do **CiTIUS**

→ O CiTIUS da USC está estes días de celebración. Segundo informaron fontes do centro compostelán, na recente avaliación de centros de investigación do Sistema Universitario Galego (SUG) a Comisión Científica externa da Xunta de Galicia, formada por expertos de máximo prestixio neste eido, puntuou a progresión do centro nos últimos anos coa máis alta cualificación: unha "A". A

avaliación de calidade do centro foi realizada por unha comisión de expertos designada pola Xunta dentro da súa política de centros singulares de investigación do Sistema Universitario Galego. Senén Barro, director científico do CiTIUS, salientou a "enorme relevancia" do recoñecemento, "dado o rigor co que somos avaliados e a súa repercusión no financiamento do centro". ■

Humor tecnolóxico de Henrique Neira





MasOrange e R cubrirán todos os fogares de Galicia rural con 5G

→ O conselleiro delegado de MasOrange, Meinrad Spenger; a directora xeral de Regulación, Asuntos Públicos e Sostibilidade da compañía, Luz Usamentiaga; e Alfredo Ramos, director de R, mantiveron o mércores 12 de xuño un encontro co presidente da Xunta, Alfonso Rueda, no que ratificaron o compromiso de MasOrange coa

comunidade galega. Segundo sinalaron, este compromiso concrétese nos máis de 2.300 millóns de euros de investimento acumulado ao longo da traxectoria de Orange, MasMovil e a súa filial R en Galicia.

Tamén indicaron que “a dixitalización de fogares e empresas e o investimento en Galicia seguen a ser os principais

alicerces da compañía galega R e do grupo MasOrange para situar a comunidade ao nivel das rexións máis avanzadas do mundo”. Con este obxectivo, MasOrange-R investirá máis de 200M € nos 3 vindeiros anos en Galicia para seguir impulsando o seu desenvolvemento económico e tecnolóxico.

Por outra banda, fixeron saber que

na actualidade, R (filial de MasOrange) chega con fibra óptica FTTH a máis de 1,6 millóns de fogares e negocios no total dos 314 municipios galegos, o que supón ofrecer cobertura de fibra a case que o 100 % da poboación.

Engadiron tamén que o 90 % da poboación galega dispón de cobertura 5G de R e de MasOrange e que o grupo adxudicouse máis de 52M € do plan Único 5G Rural, destinado a dotar de 5G a contorna rural galega. MasOrange, de feito, adxudicouse o 98 % do orzamento deste plan para Galicia, o que lle vai permitir liderar a 5G en Galicia no ámbito rural. ■

atlanTTic celebrará en Baiona o IH&MMSec'24



→ O centro atlanTTic da Uvigo celebra este mes de xuño a 12º ACM Workshop on Information Hiding and Multimedia Security, IH&MMSec'24, un dos eventos máis relevantes a nivel internacional no ámbito da ocultación da información e a seguridade multimedia. O encontro desenvolverase do 24 ao 26 de xuño no Parador de Baiona baixo a dirección do profesor Fernando Pérez, líder do Grupo de Investigación en Procesado de Sinal en Comunicacions (GPSC) de atlanTTic, equipo pioneiro con máis de 25 anos de experiencia no estudo da ocultación de información e seguridade multimedia.

IH&MMSec'24 achega un amplo programa que inclúe presentacións de artigos de investigación, mesas redondas e sesións especiais, nas que participarán profesionais de países como Alemaña, China, Francia, Italia e Estados Unidos. O programa inclúe máis de 30 relatorios. ■

AMTEGA e o CPETIG fomentarán vocacións TIC entre a rapazada

→ AMTEGA e o Colexio Profesional de Enxeñaría Técnica en Informática de Galicia (CPETIG) colaboran un ano máis no fomento das vocacións tecnolóxicas entre os máis novos e na capacitación dixital da cidadanía. Estas actuacións enmárcanse nun convenio asinado por ambas entidades e nas actuacións do Plan DigiTalent 2030: Camiña en Dixital.

Este ano as actividades previstas abranguen a formación en programación coa ferramenta creativa Scratch; obradoiros

para fomentar as vocacións STEAM, facendo fincapé especialmente nas rapazas; e actividades sobre o bo uso de Internet para as familias. Está previsto que as diferentes sesións se desenvolvan entre xuño e outubro en colaboración coa Rede de Aulas CeMIT.

Unha das actividades previstas é o Scratch Day, un seminario dirixido a nenos e nenas entre 7 e 15 anos, que lles achega de forma lúdica e divertida o mundo da programación e a contorna Scratch.

Os obradoiros Girl STEAM buscan dar visibilidade ao papel

das nenas e as mulleres no ámbito tecnolóxico para fomentar a súa presenza nestas carreiras. Os talleres están dirixidos a dous grupos de idades, un de 8 a 11 anos e outro de 12 e 15 anos. Cada grupo de idade contará con dúas sesións de dúas horas de duración. ■



Media ducia de galegos con talento poderán medrar profesionalmente nos EE.UU. grazas a un novo programa de bolsas

— A Fundación Barrié e a Asociación The Exponential Fellowship asinaron un convenio de colaboración para o desenvolvemento da 1ª edición dun programa de bolsas para titulados universitarios galegos que lles achegará a oportunidade de adquirir experiencia profesional como enxeñeiros de software de nivel inicial en *startups* de alto crecemento nos Estados Unidos durante 12-18 meses. Para afondar no tema quixemos falar con Ignacio Moreno Pubul, presidente da Asociación The Ponential Fellowship e bolseiro de posgrao da Fundación Barrié.

— Pode explicarnos en que consiste o programa de bolsas que vides de presentar? A quen vai dirixido?

— O programa é sinxelo. Conectamos a mozos brillantes que saben construír software con startups de Silicon Valley e Nova York, e facilitamos o proceso de visado para poder ir traballar aos EEUU até 18 meses. Dende un punto de vista práctico, o programa vai dirixido a mozos galegos no seu último ano de estudos ou primeiros anos de carreira en disciplinas técnicas (enxeñaría informática, matemáticas, datos, etc.).

Dende un punto de vista máis aspiracional, vai dirixido a mozos con ganas e fame de construír en Silicon Valley. Persoas que teñan o soño de – algún día – construír unha compañía tecnolóxica.

— Aparte da propia dotación económica das bolsas, de que outros xeitos axudades aos participantes para emprender a súa aventura profesional nos EE.UU.?

— Ademais da oportunidade de poder aterrar en Silicon Valley ou Nova York, e traballar nalgúnhas das compañías máis adiantadas tecnoloxicamente, o programa está pensado para proporcionar unha inmersión total dos participantes no ecosistema emprendedor americano. Conectámoslos con emprendedores e investidores que xa lograron grandes cousas e levámoslos a visitar grandes compañías como Google ou Apple para que eleven as súas



aspiracións. Ademais, o obxectivo é que formen unha comunidade de mozos con intereses comúns e que – quen sabe – quizais acaben montando algo xuntos.

— Podes citarnos algunhas das compañías que participan no programa?

— Temos varias compañías en áreas como intelixencia artificial xerativa, modelos de linguaxe, saúde e máis. Ademais, a listaxe vai medrando. Por destacar un par, destacaría Freepick, porque é unha compañía nacida en España, que soubo medrar ata converterse en referente mundial no seu campo, e abrir oficina en San Francisco. Agora están explorando intelixencia artificial xerativa para poder seguir ofrecendo aos seus usuarios as mellores imaxes para os seus proxectos.

Outra compañía no sector da IA xerativa é Krea, tamén con sede en San Francisco, que están explorando ferramentas para artistas, e mesmo vídeo creado con intelixencia artificial.

Participan tamén outras compañías con fundadores españois como Stack AI, que permite a grandes compañías crear axentes intelixentes cos seus datos, ou Happyrobot, que están construíndo un operador telefónico para logística con intelixencia artificial.

— Cal é a intención do programa? Que os bolseiros desenvolvan a súa carreira nos EE.UU. ou que retornen á terra para emprender aquí proxectos tecnolóxicos aplicando o aprendido fóra?

— É unha gran pregunta. O obxectivo último do programa é que xurdan emprendedores tecnolóxicos que constrúan software para o mundo con selo galego e español. Queremos que termine habendo un impacto forte no ecosistema local, que medre. O ideal é que os participantes volvan aquí e constrúan aquí os seus equipos, pero tamén estaríamos contentos se constrúen compañías nos EEUU, onde teñen máis facilidades para medrar, pero constrúan os seus equipos e xeren cultura aquí en España. Creo que iso é o que logramos con Capchase, Clarity AI, e outras compañías que están a cabalo entre España e EE.UU. ■

PC

THE ROGUE PRINCE OF PERSIA

Estrea acceso anticipado



A franquía de *Prince of Persia* está moi viva actualmente, non con filmes e grandes superproduccións, pero si a través de pequenas xoias que chaman bastante a atención como *The Lost Crown*, que chegou a consolas e PC a primeiros de ano, e *The Rogue Prince of Persia*, un *roguelike* de acción, no que desprazarse por plataformas letais e combater cun estilo acrobático, que hoxe mesmo estreouse en acceso anticipado en Steam, de xeito que por 17,99 euros podemos gozar deste xogo antes do seu lanzamento definitivo.

O acceso anticipado de *The Rogue Prince of Persia* achega o núcleo deste xogo, que irá recibindo actualizacións cada semana,

con versións experimentais cada xoves e interacción entre os desenvolvedores do xogo e a comunidade de usuarios, conseguindo así o mellor xogo posible.

Nesta aventura haberá que guiar ao príncipe na súa loita contra o exército huno, corrompido pola máxica chamánica escura. Para iso haberá que correr, saltar, evitar trampas, explorar zonas apartadas, esquivar o ataques dos inimigos, lanzar ataques con armas letais e, como vén a ser habitual neste tipo de xogos, aprender dos erros con cada morte até chegar a dominar todas as habilidades do protagonista sen chegar a *xogar de memoria*, xa que os niveis xéranse automaticamente, polo que non haberá dúas partidas iguais.

PlayStation 5, Xbox Series X|S

GRAND THEFT AUTO VI

Lanzarase no outono de 2025

A presentación de resultados económicos de Take-Two Interactive fai balance da situación dos seus distintos estudos de videoxogos e dos seus plans de lanzamento, deixando ver que teñen unha ampla carteira de xogos en desenvolvemento (40 para o período fiscal 2025-2027) destacando o feito de que para o agardado *Grand Theft Auto VI*, do que só se sabía que vería a luz en 2025, figura como previsto para o outono, deixando claro que non queren apresurarse e confórmanse con chegar a tempo para a campaña de Nadal.

O informe dedica un bo espazo á franquía de *Grand Theft Auto*, que superou os 425 millóns de copias vendidas, das que 200 millóns corresponderían unicamente a *Grand Theft Auto V*, o que sitúa a este título a un nivel sen precedentes, de aí que haxa tanta expectación pola súa secuela, o que levou a que o tráiler de *Grand Theft Auto VI* sumase 93 millóns de reproducións en 24 horas (algo nunca conseguido en YouTube por un vídeo que non fose musical).



TREBELLOS

Acer anuncia unha cámara 3D de fotografía e vídeo

Acer sorprende anunciando que nuns meses vai pór á venda unha cámara 3D chamada Acer SpatialLabs Eyes, que permitirá a captación de fotografías e vídeo en formato estereoscópico, cunha resolución de 8 Mpíxeles por ollo, conseguindo así unha grande nitidez de imaxe e unha boa sensación de profundidade, aínda que sorprendendo polo feito de que falamos dun efecto 3D clásico, e non do formato VR180 que sería o máis práctico para visores de realidade estendida.

A intención de Acer é que esta nova cámara non se limite a fotografías e vídeo en 3D, senón que tamén poida empregarse para realizar emisións en directo a través de YouTube ou para participar en xuntanzas a través de Teams, Zoom ou Google Meet cun maior realismo grazas ao efecto de profundidade que achega o vídeo estereoscópico.

Está previsto que esta cámara chegue ao noso mercado no terceiro trimestre do ano a un prezo de 549 euros.



Google presenta un reloxo con conexión móbil para cativos

Nos EE.UU. Google vén de pór á venda o Fitbit Ace LTE, un reloxo conectado orientado para os cativos de a partir de 7 anos, que integra funcións de seguimento de actividade e de ludificación do exercicio, que grazas á conectividade móbil tamén serve para chamadas, mensaxería e compartir a localización cos proxenitores.

Cómpre advertir que este tipo de dispositivos non permiten que descoñecidos poidan contactar cos cativos, senón que o reloxo só recibirá comunicacións dos contactos engadidos polos seus proxenitores, que tamén poden controlar fixar momentos nos que o reloxo elimine as posibles distraccións (como durante os horarios de clase



Tamén están a preparar unha función moi interesante, que permitiría empregar o reloxo a xeito de moedeiro electrónico, o que pode resultar de grande utilidade en situacións de emerxencia.

O reloxo é resistente á auga até 50 metros de profundidade, a súa pantalla ten protección Corning Gorilla Glass 3 e a súa batería ten unha autonomía de máis de 16 horas, polo que sería dabondo para unha xornada completa.

Polo momento non hai data para o lanzamento deste produto en España, confiándose en que chegue da man de algún operador, xa que o produto está ligado á contratación dun servizo de telefonía móbil.

Xiaomi lanza unha tableta con pantalla de 12,1 polgadas

Os que busquen unha tableta de grande tamaño a un prezo atractivo teñen agora a Redmi Pad Pro, que funciona cun procesador Qualcomm Snapdragon 7s Gen 2, ten unha grande pantalla de 12,1 polgadas cunha resolución de 2.560 x 1.600 píxeles e 120 Hz de velocidade de refresco, os seus 4 altos falantes achegan son estéreo envolvente, a súa batería de 10.000 mAh con carga rápida de 33 watts promete até 12,1 horas de autonomía reproducindo vídeo (así como poder reter a carga en espera até

33,9 días), o seu grosor é de só 7,52 milímetros e o seu peso de só 571 gramos.

Esta tableta pode completarse dun lapis dixitalizador Redmi Smart Pen e cunha funda teclado Redmi Keyboard, converténdose así nunha ferramenta moi práctica para ilustradores, deseñadores, estudantes... chegando ao mercado español a un prezo de 299,99 euros para a versión con 6 GB de RAM e 128 GB de almacenamento, mentres que a versión con 8 GB de RAM e 256 GB de capacidade custará 349,99 euros.



Sonos presenta os seus primeiros auriculares sen fíos

O fabricante de altofalantes sen fíos de alta gama de referencia no mercado, Sonos, estréase no mercado dos auriculares sen fíos, no que semella unha resposta aos AirPods Max de Apple, os Sonos Ace, á venda dende 5 de xuño a un prezo de 499 euros, o que semella unha opción máis económica e versátil que a de Apple, prometendo igualmente un dispositivo elegante, cómodo e con grande calidade de reprodución sonora.

Os Sonos Ace integran altofalantes dinámicos de 40 milímetros, 8 micrófonos para unha captación da voz en chamadas, soportan audio espacial, poden reproducir son sen perda mediante Bluetooth e USB-C, inclúen cancelación de ruído activa, son compatibles coa función de seguimento dinámico de cabeza de



Dolby, teñen ecualización regulable e tamén conta con funcións especiais orientadas aos usuarios que xa teñen no seu fogar outros equipos de Sonos.

O Nokia 3210 volve ao mercado con conectividade 4G

Aínda que os smartphones sexan os principais teléfonos móbiles, continúa a haber un mercado de teléfonos básicos que aproveitan fabricantes como HMD, que actualmente controla a marca Nokia para o seu uso en móbiles, de aí que leve anos aproveitando a sonda do selo para recuperar móbiles como o Nokia 3310 ou do Nokia 8110 (que incluso permitía o uso de WhatsApp) e agora volven xogar a baza da nostalgia recuperando o Nokia 3210.

O novo Nokia 3210 chega ao mercado a un prezo de 79,99 euros (algo que pode parecer esaxerado, especialmente se temos en conta que o mesmo fabricante ten móbiles semellantes por preto de 50 euros), ofrecendo a mesma estética do clásico de Nokia (e incluíndo o clásico xogo Snake precargado), pero contando con conectividade 4G e Bluetooth e pantalla en cor.

O teléfono conta con algunha característica que podemos considerar ridícula, como unha cámara de 2 Mpíxeles, aínda que como punto forte ten que a súa batería de 1.450 mAh pode garantir unha autonomía de varios días, algo difícil de conseguir cun smartphone.

Spacetop G1: un portátil con lentes a xeito de pantalla

O uso de lentes de realidade aumentada a xeito de pantallas externas foi un concepto bastante popular na pasada edición do CES de Las Vegas, pero hai compañías que apostan por iso dun xeito bastante decidido, e

así podemos ver como nos EE.UU. veñen de abrir as reservas do Spacetop G1, un ordenador portátil que chegará aos seus compradores en outubro e que sorprende por substituír a súa pantalla por unha cuberta cun espazo

para gardar unhas lentes con pantallas Full HD e altofalantes nas patillas, o que permite facer un uso máis persoal do equipo informático.

Este equipo funciona cun procesador Qualcomm Snapdragon QCS8550 con gráfica Adreno 740 e unha eNPU dual V3, 16 GB de memoria LPDDR5, 128 GB de almacenamento UFS 3.1, batería cunha autonomía de até 8 horas de uso, conectividade Bluetooth 5.3, Wi-Fi 7 e 5G, teclado de 79 teclas e trackpad multi-táctil. Sorprende que non falemos dun equipo con Windows ou Android, senón que funciona con SpaceOS, un sistema operativo baseado na web que aseguran que está optimizado para a computación espacial.



A imparábel expansión do movemento *gamer*

Os videoxogos afiázanse na saúde e, tamén, no calendario galego de eventos multitudinarios

Ampliacións no Museo do Videoxogo en Cangas



O Museo do Videoxogo (MUVI) de Cangas achegou en xuño grandes novidades: unha renovación da súa oferta abrindo dous novos espazos visitábeis. Trátase, por unha banda, dun salón de máquinas recreativas ambientado nos anos 90 (cun total de 16 sistemas deste tipo) e, pola outra, dunha Área de Preservación, na que se atopa o obradoiro de reparación, recuperación e conservación de dispositivos, dando visibilidade ao continuo traballo da entidade en manter os seus fondos en perfecto estado de funcionamento.

Segundo o presidente da Fundación MUVI,

Galo Martínez, “o Salón Arcade Davila dialoga e complementa a nosa Habitación da Memoria, abordando de xeito táctico e interactivo os cambios profundos que viviu a sociedade durante esa década en relación co universo do Videoxogo. Este espazo pon a disposición do público sistemas característicos dunha época crítica na historia do medio, remarcando unha tipoloxía -as máquinas arcade- que antes só estaba representada de xeito anecdótico no MUVI”.

Opina Jacobo Martínez, director do MUVI, sobre as decisións de relacionar a Área de Preservación coas demais áreas do Museo: “Detrás de cada siste-

ma en funcionamento hai incontábeis horas de traballo do equipo do MUVI, enxeñeiros e técnicos que loitan contra o paso do tempo e o desgaste, dun xeito particularmente arduo no caso das máquinas recreativas. O videoxogo é un medio interactivo e esa interacción faino único e diferente do resto de industrias culturais. Para poder gozalo e enténdelo hai que xogar, por iso o MUVI debe permitir que cada peza poida experimentarse dun xeito profundo. Isto implica contradicións coa súa conservación, mais é un reto que se debe superar mediante a preservación activa. De aí a nosa determinación por amosar a parte de atrás do Museo”.

Os Premios ETIV-UVigo homenaxeán a Manolo Ramos



Os profesores Óscar Ferreiro e José Yuste

Os Premios ETIV-UVigo á localización de videoxogos van homenaxear este ano ao profesor da Escola de Enxeñaría de Telecomunicación e vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado, Manolo Ramos, falecido en 2022. Esta terceira edición dos galardóns constará dunha soa categoría, a de mellor traballo de investigación, que levará o nome do docente e que nace, segundo informou a UVigo, como “unha oportunidade para recoñecer o labor do cadro docente e investigador en relación coa localización de videoxogos, así como para fomentar liñas de traballo futuras”.

Os Premios ETIV-UVigo son uns galardóns institucionais organizados pola UVigo e o grupo de investigación Tradución & Paratradución (T&P), dentro do marco de actividades do Título Propio de Especialista en Tradución para a Industria do Videoxogo (ETIV).

Os traballos que se presenten deberán ter relación directa coa localización de videoxogos e estar redactados en español, galego, catalán, éuscaro, inglés, francés ou portugués.

O prazo de inscrición rematou este 31 de maio.

Os premios ETIV-UVigo, que se conceden dende 2021, recoñecen o bo traballo das persoas do oficio da localización de videoxogos, en palabras dos impulsores “un eido de gran relevancia na actualidade que é xa un mercado profesional de gran capacidade empregadora, porque o desenvolvemento dun videoxogo involucra, segundo o caso, dende a unha única persoa até un milleiro delas”.

Colle corpo a 3ª edición do Lérez Up

A organización da feira Lérez Up anunciou a súa terceira edición para 2024 marcada pola novidade do cambio de datas. Este ano, o Recinto Feiral de Pontevedra abrirá as portas aos videoxogos e a cultura friki a finais de setembro. O pasado verán a Lérez Up reuniu a máis de 4.000 persoas na segunda edición, enchéndose de apaixonados da cultura xaponesa, dos videoxogos, do manga e do anime.

En palabras da organización (Gaming Troop e Concello de Pontevedra), “este punto de encontro volverá contar coa presenza de diferentes asociacións que ofrecerán un abano de actividades para todos os gustos: torneos, xogos de mesa, cosplay, karaoke, xogos independentes e máis”.

Nun plano máis concreto, o evento incluírá torneos de videoxogos recoñecidos a nivel estatal e internacional,

como o *Super Smash Bros Ultimate*, *League of Legends*, *Valorant* e, como novidade, un torneo do *Tekken 8*, a famosa franquía de pelexas que estreou xogo a principios de ano. Os xogos de mesa, e de maneira específica o xogo de cartas *Magic The Gathering*, terán o seu espazo único no recinto con varios torneos e programación propia.

Charlas e obradoiros compartirán escenario coas persoas que participen no concurso de cosplay. Este ano as cosplayers convidadas e xurado profesional que premiará á mellor caracterización do concurso son, por unha banda, Kaisiwiwi e MeryNyan, dúas profesionais do cosplay que foron elixidas como representantes de España para a World Cosplay Summit 2024; e pola outra, Akurin, unha xogadora que gañou numerosos premios e traballou con

Blizzard na *Overwatch Cosplay Battle*.

Ademais, as persoas asistentes tamén poderán visitar e coñecer aos pequenos creadores que expoñan a súa arte, ilustración e artesanía de todo tipo. As inscricións para os stands de artistas están pechadas, con máis de 120 solicitudes recibidas,

e nas vindeiras semanas coñeceranse os seleccionados.

A información sobre o programa e as actividades desvelarase pouco a pouco a través das

redes sociais dos organizadores, en Twitter e Instagram baixo o nome de @gaming_troop, e na páxina web da feira (www.gamingtroop.es/lerezup).



Unha máquina recreativa de madeira en Galicia 2024

Galiciencia (Tecnópole) clausurou os días pasados a súa 19ª edición, baixo o lema *Mellor, de Madeira*. Fíxoo coa entrega dos seus premios, entre os que destacou o premio do público, que foi para Ana Pita e Carlos Morán do IES de Ortigueira (A Coruña), que deseñaron e construíron con madeira unha máquina de videoxogos tipo Arcade, pioneira nos anos 80, e coa que xogan no centro no tempo de lecer. “Este proxecto permitiunos empregar diferentes técnicas de traballo coa madeira e afondar na montaxe de circuítos electrónicos pero tamén en competencia dixital e, o que é máis importante, en educación en valores porque, partindo dunha idea tola, fomos capaces de lograr moi bos resultados traballando en equipo con respecto e boa organización”, comentaron os responsables do proxecto.

Tamén se desenvolveu un concurso de fotografía a través de Instagram, do que resultou gañadora Aitana Sierra, alumna do Colexio Miraflores de Ourense, coa imaxe *Os canastros da Merca*, na que amosa o importante papel da madeira no mundo rural, a través dunha construción tan nosa como son os hórreos. Na categoría de docentes, a premiada foi Cristina Sabucedo, profesora do CPI Laureano Prieto da Gudiña (Ourense), coa instantánea *Sen esquecer a tradición*, unha homenaxe ao traballo artesanal dos carpinteiros.



combo immortal

prepárate para centos de anos de entretemento

ven a R

NETFLIX

+

prime

+

max

fibra
500

2 liñas
GB
ilimitados

ocio
TV

1445 | tendas R | R.gal

ven a R antes do 30/06/2024 con fibra 500 megas, fixo, móbil con chamadas e GB ilimitados e ocio TV por 59 €/mes (prezo final); a liña adicional está incluída no combo ao mesmo contido en minutos e GB que a principal * se escolliches Netflix Estándar, Max Estándar e Prime con anuncios terás un desconto do 100 % durante as 3 primeiras facturas (a do mes de activación e 2 máis); o desconto do primeiro mes prorrateábase en función da data de activación; Netflix Estándar ten un valor de venda ao público de 13 €/mes, Max Estándar de 9,99 €/mes e Prime con anuncios de 4,99 €/mes * Amazon e Prime son marcas de Amazon.com, Inc. ou os seus afiliados e non son sponsors desta promoción * poderás cancelar as túas subscricións a través da app de R * esta promoción está ligada ao mantemento do contrato de prestación con R durante 3 meses completos e sucesivos; en caso de incumprir a devandita condición, o cliente deberá aboarlle a R o custo da instalación de 229,9 € (IVE incl.), non prorrateable; o compromiso de permanencia empeza a aplicarse dende a data de instalación do servizo * consulta condicións en mundo-r.com/gal/info-legal; aplicable a clientes que manteñan a factura electrónica durante toda a promoción * prezos con IVE viventes segundo tarifas en vigor dende o 21/05/2024 e suxeitos a actualizacións * servizo de TV prestado por AGILE/Over The Top Networks Ibérica, S.L.U. con NIF B-86588639 e domicilio social en Gran Vía de Don Diego López de Haro 45, 48011 Bilbao) * anunciante: R Cable y Telecable Telecomunicaciones, S.A.U., Real 85, A Coruña (A15474281)

voemos

